

GUÍA PARA A XESTIÓN DE PROXECTOS
coeducativos



Racha cos estereotipos



Reciclado
Contribuyendo al uso responsable
de los recursos forestales

Cert no. TT-COC-002153
www.fsc.org
© 1996 Forest Stewardship Council

EDITA:

Xunta de Galicia

Presidencia

Secretaría Xeral da Igualdade

AGRADECIMENTOS:

A todo o persoal docente que colaborou con
nós na elaboración desta guía

Ao CEIP o Piñeiríño de Vilagarcía de Arousa,
ao seu alumnado e ás súas familias pola
cesión de todo o material gráfico que
aparece nela

D.L.: C 3372-2009

Deseño: dardo ds

Impresión: eurográficas

GUÍA PARA LA GESTIÓN DE PROYECTOS
coeducativos



PRESENTACIÓN	páse. 6
INTRODUCCIÓN	páse. 8
1. COEDUCACIÓN, APOSTA POLA INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN CENTROS DE ENSINO	páse. 10
1.1. O RETO DE EDUCAR EN IGUALDADE. A COEDUCACIÓN	páse. 12
1.2. CLAVES PARA TRABALLAR COEDUCATIVAMENTE. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN	páse. 15
2. A PLANIFICACIÓN DESDE A IGUALDADE	páse. 21
2.1. PLANS DE IGUALDADE NO ÁMBITO EDUCATIVO	páse. 21
2.2. AUTOAVALIAR A PRÁCTICA EDUCATIVA DO CENTRO	páse. 28
3. A XESTIÓN DE PROXECTOS DE COEDUCACIÓN	páse. 36
3.1. O PROXECTO COEDUCATIVO. DEFINICIÓ E FASES DE XESTIÓN	páse. 37
3.2. AS FASES DE XESTIÓN NOS PROXECTOS COEDUCATIVOS	páse. 38
3.2.1. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES. COMO ATOPAR A SITUACIÓN DE DESIGUALDADE QUE QUEREMOS TRANSFORMAR?	páse. 40
3.2.2. DESEÑO DO PROXECTO. COMO ARTICULAR O PROXECTO COEDUCATIVO UNHA VEZ IDENTIFICADO?	páse. 56
3.2.3. EXECUCIÓN E SEGUIMENTO. COMO REALIZAR E ACOMPAÑAR AS ACCIÓNS COEDUCATIVAS?	páse. 72
3.2.4. AVALIACIÓN DE RESULTADOS. COMO MEDIR O ÉXITO DA INTERVENCIÓN?	páse. 78
4. ANEXOS	páse. 88
4.1. RECURSOS PARA A COEDUCACIÓN	páse. 88
4.2. A IGUALDADE NO ENSINO. MARCO LEXISTATIVO	páse. 89

PRESENTACIÓN

En pleno século XXI, a superación dos modelos sociais tradicionais e dos roles asignados ás persoas en función do seu sexo e a formación dunha cidadanía libre, autónoma, solidaria e responsable é un compromiso ineludible dos poderes públicos e implica necesariamente ter en conta os diferentes espazos onde a persoa se desenvolve na súa infancia e xuventude, xa que constitúen o referente a partir do que se constrúe psicolóxicamente a identidade.

A escola é un axente de socialización con grande influencia na formación de actitudes, na incorporación de valores e no desenvolvemento da personalidade, motivo polo que a Secretaría Xeral da Igualdade vén colaborando desde hai tempo coa Administración educativa para avanzar na implantación dun modelo coeducativo nos centros de ensino galegos. Como resultado deste labor, existe un número importante de propostas e abundante material que oferta recursos para aplicar nas aulas nos distintos niveis educativos.

A experiencia que a nosa comunidade autónoma ten no desenvolvemento de iniciativas de coeducación establece unha base sólida sobre a que se abren novas posibilidades de traballo. A madurez alcanzada permítenos neste momento aspirar a normalizar a coeducación dun xeito integral, que atenda a realidade dos centros na súa globalidade, e a construír unha nova escola na que se incorporen e se teñan en conta os saberes e o mundo das mulleres nos contidos e métodos educativos e na que se propoña a superación de estereotipos e roles asignados en función do sexo en todo o relativo ao seu funcionamento, á súa xestión e ás relacións e interaccións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa –profesorado, alumnado, persoal non docente, nais e pais–.

Agora ben, esta transformación non se pode levar a cabo mediante a elaboración dun modelo único de aplicación universal, senón que cada centro, en función das súas necesidades e do seu contexto, debe atopar a fórmula máis apropiada. Afrontar este reto con éxito necesita do compromiso dos equipos directivos e do resto do persoal docente e dun labor de planificación que permita ir abordando paulatinamente,



sen prása pero sen pausa, os distintos ámbitos nos que o sexismo se manifesta e perdura.

A guía que agora se presenta constitúe unha ferramenta de traballo que tenta darlle resposta á necesidade de contar cun instrumento que axude a definir e a desenvolver, de xeito adaptado á realidade de cada centro, a estratexia coeducativa máis oportuna en cada momento. Con ela preténdese orientar, apoiar e simplificar o labor do profesorado que se compromete coa promoción da igualdade entre mulleres e homes, proporcionando claves que permiten canalizar os esforzos e garantir a sustentabilidade das actuacións. Agardamos, deste xeito, contribuír á mellora dos procesos de ensino e a potenciar o desenvolvemento de nenas e nenos, rapaces e rapazas, en función das súas capacidades e aptitudes, sen que nada determine as súas opcións e condicións de vida.

Marta González Vázquez
Secretaria xeral da Igualdade

INTRODUCCIÓN

Coeducar significa algo máis que introducir novos contidos e realizar determinadas actividades, esixe unha reformulación da totalidade dos elementos implicados nos procesos ensino-aprendizaxe: orientacións metodolóxicas, contidos curriculares, organización xeral do centro e natureza das relacións entre as persoas que forman parte da comunidade educativa. Implica revisar os materiais didácticos, o uso que se fai da linguaxe, observar a distribución e o uso de tempos e espazos por nenas e nenos, a detección de cargos e o repartimento de responsabilidades, as actitudes e a mensaxe que se transmite a través do denominado currículo oculto, pois non é posible promover un desenvolvemento da personalidade democrático e igualitario, ao tempo que se manteñen actitudes, discursos ou condutas sexistas.

O equipo educativo debe ser quen de analizar o contorno escolar e de consolidar unha liña de traballo innovadora que se caracterice pola introdución da perspectiva de xénero tanto nas aulas coma no resto dos espazos nos que desenvolve a súa actividade.

A Guía para a xestión de proxectos de coeducación é un documento pensado para apoiar este labor e procurar a maior efectividade no deseño e desenvolvemento de proxectos de igualdade nos centros de ensino de Galicia, mediante o establecemento dunha metodoloxía de xestión que busca optimizar resultados e garantir que estes responden aos obxectivos que motivaron a súa posta en marcha. Esta metodoloxía apóiase, dun xeito simplificado e adaptado ao contexto educativo, por unha banda na denominada planificación estratéxica, coa que se persegue a identificación de obxectivos e actuacións necesarias a medio prazo e, por outra, no enfoque de marco lóxico, que proporciona un conxunto de prácticas, técnicas e normas necesarias para deseñar e xestionar un proxecto.

Os contidos da guía organízanse en tres capítulos. O primeiro pretende argumentar a necesidade de traballar a coeducación desde o contexto escolar e ofrecer claves para a revisión crítica da práctica docente.

O segundo capítulo constitúe unha aposta pola planificación, proponendo un método para garantir a consecución dos obxectivos de



igualdade e a integración das dinámicas coeducativas na vida diaria dos centros e proporcionando unha matriz de autoavaliación para axudar a identificar a posición de partida de cada un.

O último capítulo desenvolve as distintas fases de xestión dun proxecto, desde o inicio ata o seu peche, e consta dunha explicación teórica e da proposta das técnicas e ferramentas de análise máis eficaces para garantir o seu correcto deseño, execución e avaliación, e para favorecer un maior impacto dos seus resultados.

Para cada unha das fases xúntase unha ficha de apoio pensada para facilitar a aplicación práctica, dado que sintetiza a información máis relevante para a xestión e permite traballar de xeito áxil.

Finalmente, inclúense dous anexos; no primeiro deles, faise unha escolma de páxinas web onde se pode atopar material bibliográfico, recursos pedagóxicos e propostas didácticas que poden ser de utilidade para a comunidade educativa e o segundo recolle o marco legal vixente en materia de coeducación.



1. COEDUCACIÓN, APOSTA POLA INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO EN CENTROS DE ENSINO

O esforzo de emancipación que as mulleres fixeron ao longo da historia permitiulles romper as barreiras asociadas aos modelos tradicionais de masculinidade e feminidade. A procura dun espazo lexítimo na vida pública para as mulleres e a oportunidade de compartir cos homes o mundo do privado e doméstico ten como consecuencia un cambio profundo na orde social e na conciencia colectiva acerca do papel de mulleres e homes na sociedade. Dun modelo de sociedade patriarcal evolúciónase, no século XXI e sobre todo no mundo occidental, cara a un modelo de sociedade na que igualdade entre mulleres e homes pasa a ser un principio inspirador do Estado de dereito e obriga a desenvolver estratexias que aseguren a súa efectividade.

O interese por levar á práctica este principio instaurouse na praxe política a través da lóxica do denominado *mainstreaming* ou transversalidade do enfoque de xénero. Esta lóxica pretende que o respecto do principio de igualdade e a consideración das diferentes necesidades e intereses de mulleres e homes estea presente en todos os aspectos regulables da vida pública e privada. Trátase de levar a máxima da non discriminación de xénero e da acción positiva aos distintos ámbitos da praxe social.

Estes cambios na sociedade tamén repercutiron no mundo do ensino.

No marco legislativo español e galego, especialmente nos últimos dez anos, déronse cambios substanciais no referido á incorporación da perspectiva de xénero no ámbito escolar. Estes cambios atinxen tanto os contidos curriculares como a práctica docente considerada no seu conxunto¹.

A idea que transcende a este proceso é que a escola, como un dos piares básicos da socialización das persoas, exerce un papel fundamental na transmisión e perpetuación dos valores sexistas.

Este debate convida á reflexión sobre o modelo clásico de ensino, un modelo que ten unha ampla connotación androcéntrica, ao construír-

A apertura da escola a un marco de **valores favorables á convivencia e a unha sociedade máis xusta** facilita a inclusión tamén de valores propios da igualdade entre mulleres e homes.

1 Ver anexo "A igualdade no ensino. Marco legislativo" .



se baixo a universalización do masculino, e que perpetúa barreiras para o desenvolvemento persoal de nenas e nenos libre de estereotipos.

Nesta tarefa, o marco normativo ofrece os parámetros sobre os que se debe orientar a acción educativa actual, establecendo como un dos seus obxectivos fundamentais a eliminación da discriminación de xénero na escola e a formación das persoas nos valores e destrezas necesarios para desenvolver plenamente en sociedade as súas capacidades, sen limitacións en función do sexo.

Desde hai anos, son numerosas as experiencias transformadoras que en materia de igualdade se desenvolveron en Galicia. A práctica coeducativa ten unha longa traxectoria e existe unha importante cantidade de propostas e materiais que abranguen todos os niveis educativos e as diversas áreas curriculares. Grupos de docentes, organizados ou a título individual, centros de ensino, grupos de ANPAS e as administracións veñen desenvolvendo distintas iniciativas orientadas á incorporación plena e real da igualdade na escola.

Malia todo este traballo, queda aínda un longo camiño por percorrer. Aínda está lonxe a universalización da escola pensada como espazo de igualdade, que permita unha construción da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero. Mais, para lograr este obxectivo, cómpre dar un paso adiante e dotar as experiencias en coeducación dun sentido máis estratéxico, desenvolvendo actuacións que traten o cerne do problema. Para iso, é preciso ter en consideración diversos aspectos que van máis aló do estritamente académico, como poden ser cuestións organizativas, o desempeño de cargos e pautas de funcionamento, a integración de obxectivos de promoción da igualdade nos distintos documentos que rexen a vida do centro, a tipoloxía das relacións, os usos dos tempos e os espazos, etc.

Ao longo deste capítulo, achéganse algúns elementos para acompañar o proceso de reflexión que deberá ter lugar entre a comunidade educativa e que lles faciliten a tarefa a aquelas persoas que desexen iniciar, ou sistematizar, o proceso de converter os seus centros en centros coeducativos.

1.1. O RETO DE EDUCAR EN IGUALDADE. A COEDUCACIÓN

A aprendizaxe de roles e valores asociados ao sexo, a construción do modelo sexista de relacións muller – home, teñen un lugar privilexiado de perpetuación na escola, dado que as aprendizaxes normalmente se realizan por asimilación dos modelos circundantes e o profesorado, como o resto da sociedade, actúa como correa transmisora dos estereotipos sexistas existentes, fundamentalmente a través do denominado currículo oculto.

A escola xoga un papel esencial como axente socializador e os modelos ofrecidos desde ela guiarán, en boa medida, a evolución de nenas e nenos, as expectativas futuras sobre si mesmos/as ou os demais e a súa maneira de ser e de estar no mundo.

Por iso, a comunidade educativa ten tamén responsabilidade na construción de xénero que fagan pequenas e pequenos e, ao tempo, unha gran capacidade de incidir no cambio de valores. O gran reto neste sentido no ámbito escolar é o de contribuír activamente ao establecemento das bases dunha nova cidadanía que asegure o desenvolvemento e a participación de todas as persoas sen limitacións.

A existencia de dinámicas de desigualdade na escola conta hoxe en día con suficiente documentación, mais o sexismo e os estereotipos sexistas están tan interiorizados que, a pesar dos datos empíricos, é moi difícil detectalos. Isto explica a tendencia tan estendida a negar esta realidade, a pensar que a escola é neutral e que a educación mixta é, por si mesma, garante da igualdade.

Cómpre deixar claro que poñer no mesmo espazo físico a rapaces e rapazas non supón, por si mesmo, un cambio de valores e da forma de educar. A escola mixta favoreceu a igualdade, ao establecer contidos educativos idénticos para os dous sexos; porén, sendo hoxe xa varias as xeracións educadas no marco democrático da escola mixta, resulta obvio o feito de que as mulleres e os homes seguen a someterse a procesos de socialización diferenciada, pervivindo concepcións estereotipadas do que significa ser home ou muller.



Na nosa comunidade e polo que se refire ao propio sistema educativo, obsérvase a vixencia do peso destes patróns culturais, que teñen importantes consecuencias no desenvolvemento académico e no futuro profesional do alumnado. Así, por exemplo, continúa producíndose unha segregación por sexos na elección de estudos: no ensino postobrigatorio, as rapazas concéntranse no bacharelato, descendendo a súa presenza na formación profesional, pero se se analizan as opcións elixidas obsérvase ademais que os rapaces son clara maioría nas ensinanzas técnicas, mentres que as mulleres elixen fundamentalmente estudos de carácter socio-sanitario, de menor saída ao mercado laboral e peor valoradas económica e socialmente. No ámbito universitario, confírmase esta segregación por sexos nas eleccións vocacionais². Esta situación provoca non só unha maior vulnerabilidade social das mulleres, senón tamén unha perda de talento que a nosa sociedade non está en condicións de asumir.

Por iso, a revisión do modelo educativo preséntase como un labor prioritario: a comunidade educativa debe ser quen de identificar as situacións de desigualdade e de desenvolver estratexias que permitan integrar unha perspectiva coeducativa na dinámica habitual dos centros.

O labor docente, para ser desenvolvido desde esta perspectiva coeducativa, esixe fixar uns obxectivos e planificar estratexias de intervención coherentes con eles, que permitan acadar, no tempo que se considere necesario, a reversión das situacións de desigualdade detectadas. Estamos a falar dun proceso intencionado que perseque fundamentalmente os seguintes obxectivos:

- Provocar cambios no pensamento colectivo para erradicar as inercias da discriminación por razón de sexo e xénero propias da nosa cultura.
- Promover o desenvolvemento integral das persoas, sen limitacións polos roles de xénero.

A escola, espazo de aprendizaxe da cultura de xénero


O ensino é un dos lugares privilexiados para a socialización das persoas e, polo tanto, contribúe de xeito decisivo á construción da identidade de xénero nos nenos e nenas, rapaces e rapazas. Debe evitarse o establecemento, de xeito formal ou informal, consciente ou inconsciente, de situacións nas que o trato ou as expectativas sobre nenos e nenas non sexa o mesmo e resulte discriminatorio.

2 "As mulleres no sistema educativo de Galicia: situación actual", *Cadernos da Unidade de Muller e Ciencia de Galicia*, n.º 1, Xunta de Galicia, 2007.

- Corrixir activamente as dinámicas de desigualdade de xénero que se produzan.

Este proceso é continuo e a longo prazo, o que implica superar as accións singulares, asociadas aos prazos dos cursos académicos, e introducir unha planificación estratéxica que dea resposta ás necesidades reais da poboación e considere o centro no seu contexto.

Este cambio de enfoque require un alto grao de consenso e de compromiso e debe ser afrontado con moita motivación, ilusión e creatividade. Só deste xeito poderemos avanzar na consolidación dos contidos e métodos coeducativos. Neste sentido, a presente guía pretende dotar a comunidade educativa cunha nova ferramenta de traballo que garanta a consolidación no tempo das prácticas coeducativas.





1.2. CLAVES PARA TRABALLAR COEDUCATIVAMENTE. ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

O punto de partida para traballar a promoción da igualdade desde o contexto escolar é a toma de conciencia da comunidade educativa sobre as desigualdades de xénero que persisten na sociedade e a predisposición a afrontar cambios profundos que afectarán, entre outras cuestións, o xeito de pensar e de ver a realidade e o propio funcionamento do centro.

Neste sentido, o cambio cara á escola coeducativa debe ser entendido de xeito creativo e positivo, considerando que esta innovación xera dinámicas beneficiosas para a vida do alumnado, ao tempo que provoca satisfacción profesional e renovación das capacidades dos equipos docentes e directivos.

Existe unha ampla bibliografía sobre coeducación e multitude de materiais que facilitan a detección de desigualdades no contexto escolar, dos que se fai unha escolma na epígrafe de bibliografía desta guía. Este material resulta de grande utilidade para orientar o proceso de reflexión e dotar de contidos a posterior intervención, polo que se recomenda a súa consulta con carácter previo ao deseño de calquera actuación de carácter coeducativo.

De xeito sintético, pódese afirmar que para orientar a reflexión estratéxica que supón o traballo en coeducación se debe comezar por levar a cabo unha revisión crítica da vida do centro. Abordar as dinámicas

A igualdade de xénero supón a vindicación dunha asignación igualitaria de dereitos, expectativas e oportunidades de desenvolvemento persoal para mulleres e homes.

Enfoque transversal de xénero, *mainstreaming* ou perspectiva de xénero: Metodoloxía e criterio para entender e para lles dar solución aos problemas con orixe na discriminación de xénero. Supón a incorporación sistemática e transversal, en todas as ordes da vida pública, de medidas que traten de corrixir a desigualdade entre mulleres e homes.

A perspectiva de xénero aplicada ao ensino permite:

- Coñecer e comprender a realidade de nenos e nenas, mozos e mozas.
- Prestarlle atención ao xeito en que mulleres e homes se sitúan no eido do público e no privado, como participan no fogar, na escola ou en distintos ámbitos da súa vida social.
- Identificar as estruturas e procesos que poden perpetuar patróns de desvantaxe para as mulleres.

Coeducación. Educación partindo da diferenza sexual, pero sen ter en conta os roles de xénero impostos pola sociedade.

de desigualdade na escola supón realizar unha **análise desde a perspectiva de xénero** do seu funcionamento, é preciso reflexionar sobre as relacións que se establecen no marco da comunidade educativa, o contexto no que se producen e a experiencia en coeducación do centro.

A **análise das relacións desde a perspectiva de xénero** implica prestar-lles especial atención aos seguintes aspectos:

- **Desempeño de roles polo alumnado segundo sexo:** debemos observar como se desenvolven a nivel persoal, fixándonos nas actividades ás que se dedican nenas e nenos, como distribúen o seu tempo, as relacións interpersoais, relacións afectivas, comportamentos e actitudes ante a identidade sexual, etc.
- **Beneficios segundo o sexo:** debemos analizar se o desempeño dun rol de xénero supón o exercicio dun “poder relativo”. É necesario observar a ocupación e o uso de espazos comúns por parte do alumnado nas súas actividades de lecer, deportivas, na biblioteca, na aula de informática, etc.; tamén se debe indagar sobre as expectativas que o profesorado ten en relación co alumnado, que atención lle presta ou que valoración fai das súas aptitudes en función do sexo.
- **Características do papel público de nenas e nenos, profesores e profesoras.**
 - :: Cal é a súa presenza en órganos de decisión ou noutros ámbitos de traballo no centro; como se reparten as responsabilidades, a calidade e o exercicio da autoridade...
 - :: Análise da situación do profesorado segundo o sexo nas distintas materias docentes, actividades extraescolares, de lecer, deporte...
 - :: Análise da participación pública de nenas e nenos: delegados/as de clase, consello escolar, liderados no centro, discursos e capacidade de falar en público...

Ademais, débense ter en conta **factores externos** ao centro de ensino, pero que inflúen no desenvolvemento dos valores de xénero:



- **Factor cultural:** as distintas nacionalidades que poidan convivir na aula, a profesión de distintas relixións, etc.
- **Factor socioeconómico:** status socioeconómico familiar, profesión ou nivel de estudos da contorna familiar.
- **Localización xeo-económica** do centro: se é un centro rural ou urbano.

Tamén é necesario coñecer a **capacidade e a experiencia do centro** para levar adiante proxectos de coeducación analizando aspectos como:

- Existencia ou non de **experiencias previas** de carácter coeducativo: en caso afirmativo, levarase a cabo unha análise e revisión crítica de resultados, determinando se se concibiron con carácter esporádico ou como acción transversal e continuada no tempo, etc.
- **Actitudes do persoal docente e directivo** en relación coa igualdade entre homes e mulleres e a súa incorporación ás dinámicas de centro.
- **Estrutura organizativa** do centro: existencia de procedementos que facilitan ou entorpecen o traballo coeducativo.
- **Sexismo na docencia:** proxección estereotipada da imaxe de mulleres e homes nos diferentes materiais escolares, grao de presenza de linguaxe sexista na comunicación habitual do profesorado, nos discursos docentes, etc.

Esta análise de xénero proxectarase sobre os diferentes ámbitos nos que se desenvolve a actuación educativa no centro. Baseándose en traballos previos³, propóñense como **ámbitos básicos de intervención educativa** os seguintes catro grupos temáticos, que darán lugar, segun-

3 Materiales para la observación y el análisis del sexismo en el ámbito escolar, CPR de Xixón, 2002 <http://web.educastur.princast.es/cpr/gijon/recursos/coeducacion/mat-sex/publicacion.pdf>

Guia de coeducació per als centres educatius: pautes de reflexió i recursos per a l'elaboració dun projecte de centre, Institut Català de les Dones, Generalitat de Catalunya, 2008 <http://www20.gencat.cat/docs/icdones/Serveis/Documents/Arxius/PDF%20GUIA%20COEDUCACIO.pdf>

do o grupo elixido, a unha formulación de actividades, dinámicas e grupos de persoas destinatarias diferentes.

1. MODELO DE CENTRO. Supón reflexionar e modificar pautas de desigualdade asociadas ao funcionamento do centro. Esta actuación vai favorecer a normalización, institucionalización e continuidade da práctica coeducativa e o posicionamento nunha actitude de innovación constante. Podemos establecer 2 planos:

- Intervencións sobre a cultura do centro: trataríase de corrixir a posición do centro en relación coa promoción da igualdade en aspectos como a formación do profesorado, o compromiso do equipo directivo, o proceso de identificación de necesidades, a planificación e a xestión da intervención coeducativa, a integración dos obxectivos de igualdade no currículo, a creación de redes de traballo, etc.
- Intervencións sobre o modelo organizativo: supón incidir directamente na práctica e funcionamento do centro, mediante unha análise, entre outros, dos seguintes asuntos:
 - :: A representación dos sexos no conxunto da estrutura da comunidade educativa. Implica revisar o repartimento de tarefas e responsabilidades para conseguir que sexa realmente máis equitativo en canto á ocupación de cargos e composición dos órganos directivos, por exemplo.
 - :: As decisións que afectan a distribución por sexo na ocupación de espazos, no uso dos tempos, no acceso aos recursos do centro, etc.

2. USO DA LINGUAXE. Implica traballar o aspecto comunicativo, identificando e modificando o uso discriminatorio da linguaxe nos materiais didácticos, no discurso do profesorado, na documentación e sinaléctica (carteis, anuncios...) do centro. A lingua transmite valores, actitudes e prexuízos, polo que o uso que se faga dela pode tanto contribuír a reforzar os estereotipos existentes como a eliminalos. Un uso sexista da linguaxe implica cuestións como:



- :: Invisibilización das mulleres mediante o uso do masculino como xénerico, en expresións do tipo “os alumnos” para referirse ao alumnado.
- :: Transmisión de contidos sexistas e dunha visión androcéntrica do coñecemento, por exemplo negando o papel das mulleres como suxeito activo dos feitos que se ensinan: na ciencia, na historia, etc.
- :: Desvalorización do xénero feminino: a través de xuízos de valor como que as mulleres “murmuran” cando falan, “son marimachos” cando xogan determinados deportes, “son superficiais ou frívolas” cando rín ou “non saben do que falan” cando opinan ou desenvolven un tema.
- :: Diferenzas na adxectivación empregada para dirixirse a nenos e nenas, que resalta como positivos aspectos vinculados á independencia e agresividade no primeiro caso e á submisión e dozura no segundo.

3. DOCENCIA E MATERIAL EDUCATIVO. Supón revisar criticamente tanto os contidos que se ensinan e os materiais empregados como a maneira en que se imparten.

- A análise de contidos e material educativo busca detectar a orientación androcéntrica no ámbito curricular e nos diferentes materiais didácticos empregados para ofrecer unha visión máis global, enriquecida con contidos referidos ás achegas das mulleres en todos os campos do coñecemento e da cultura e cunha presenza máis equilibrada dos dous sexos.
- A metodoloxía e práctica docente debe ser coherente coa finalidade coeducativa, débese prestar atención ao sexismo que se produce nos procesos de ensino-aprendizaxe. Neste sentido, o traballo docente debe orientarse, entre outros aspectos, a fomentar a autonomía persoal e ao desenvolvemento das capacidades de cooperación.

4. DESENVOLVEMENTO PERSOAL DO ALUMNADO. Trátase de deconstruír os modelos tradicionais de feminidade e masculinidade e sentar as bases dun novo paradigma do que significa ser home ou muller na sociedade actual:

- Tratamento das cuestións que teñen que ver co propio desenvolvemento e a autonomía persoal do alumnado, ofrecendo novos modelos de masculinidade, pautas para a construción non estereotipada da autoimaxe e da autoestima, etc.
- Análise da convivencia e das relacións interpersoais, potenciando o mundo relacional a través da educación afectivo-sexual, da prevención da violencia de xénero e dos malos tratos ou da introdución da ética do coidado, entre outros aspectos.





2. A PLANIFICACIÓN DESDE A IGUALDADE

2.1. PLANS DE IGUALDADE NO ÁMBITO EDUCATIVO

A escola coeducativa ten entre os seus obxectivos, dunha banda, promover o desenvolvemento integral das persoas, libre da limitación imposta polos estereotipos de xénero, e producir cambios no pensamento, nas actitudes, no comportamento, na visión e na interpretación do mundo e, por outra banda, previr, compensar e erradicar as desigualdades que non teñan outra xustificación que a inercia das discriminacións por razón de xénero que aínda subxacen na nosa cultura.

Apoiándonos na reflexión recollida pola profesora Nieves Blanco⁴, partimos das seguintes premisas:

- Non é posible coeducar sen o convencemento de que reconstruír as relacións entre mulleres e homes en igualdade é un tema importante, que merece ser abordado desde a escola.
- É preciso ser consciente de que o coñecemento social e científico-técnico non é neutral e probablemente non pode selo. Trátase de recuperar as “vozes ausentes na selección do coñecemento”, recuperando o protagonismo e os saberes das mulleres. Ensinar visibilizando os suxeitos, mulleres e homes, non se debe entender como algo contradictorio cos contidos das materias docentes máis clásicas ou habituais, sexan matemáticas, artes plásticas ou lingua galega.

Ensinar é unha arte, unha continua indagación, un experimento impulsado polo compromiso e a responsabilidade que, aínda que se fai de modo individual, se sustenta en relacións e intercambios críticos co alumnado e co outro profesorado. Educar en igualdade debe ser un compromiso de toda comunidade educativa e deixar de ser un labor puntual de parte do profesorado. É preciso implicar a todo o equipo docente e a súa contorna para conseguir que a perspectiva de xénero se acabe por instalar, para sempre e de xeito normalizado, na dinámica cotiá dos centros.

4 Xénero e educación. *A escola coeducativa*. Editorial Laboratoire Educativo. GRAÓ 2002

O PROCESO DE INTERVENCIÓN COEDUCATIVA

A planificación da intervención coeducativa require do consenso da comunidade educativa dun centro.

O proceso de planificación implica a realización dunha diagnose coa que coñecer o estado do centro en relación coa coeducación, a identificación dos obxectivos estratéxicos sobre os que se vai incidir a medio-longo prazo e a elaboración dun plan de actuación.

Este plan articularase a través do deseño de diferentes proxectos orientados a conseguir un ou varios dos obxectivos identificados.

Os proxectos están conformados por unha serie de actividades a través das cales se espera acadar uns resultados previamente establecidos.

Neste sentido, parece difícil acadar a igualdade real mediante a realización de actividades independentes en cursos específicos ou propoñendo accións coeducativas uns anos si e outros non. Con estas intervencións lógrase un impacto puntual, pero non a longo prazo, e non se consegue realmente modificar actitudes e comportamentos na comunidade educativa.

Apostar pola coeducación, pola capacidade transformadora das relacións educativas, esixe **planificar**, ter claro o que se quere facer e como facelo. O proceso de planificación debe ser un proceso dinámico e interactivo, a través do cal o centro identificará os seus obxectivos a medio e longo prazo.

É o momento de **pensar na escola coeducativa que se quere construír!**

PLANIFICAR = NON IMPROVISAR

É necesario substituír as dinámicas de improvisación con planificación, de xeito que todos os esforzos realizados estean correctamente orientados. Reflexionar e decidir previamente o camiño para chegar á escola coeducativa supón un reto, xa que incita a buscar coherencias entre os desexos e os marcos teóricos elixidos e as prácticas concretas e habituais da escola. Planificar unha escola coeducativa non soamente precisa das **habilidades técnicas** do equipo directivo e do profesorado, senón tamén de **motivación e creatividade**.

Para planificar, pódense adoptar posicións diferentes que condicionarán os procesos de reflexión. Na presente guía propóñense os seguintes enfoques:

- Partir das **potencialidades** do propio centro, dos recursos materiais e de coñecemento dos que se dispón.



- Realizar unha **mirada prospectiva**; é dicir, establecer o futuro, a situación ideal final, a escola coeducativa á que se quere chegar.
- Buscar aquelas **liñas estratéxicas** de actuación que mellor fagan uso das capacidades detectadas.

Neste sentido, e para facilitar a planificación, propónse un **método** inspirado na planificación estratéxica participativa (PE) organizado nos seguintes pasos:

- 1.º Acadar o compromiso coeducativo do equipo directivo e do profesorado
- 2.º Conformer o equipo de traballo
- 3.º Realizar unha autoavaliación inicial
- 4.º Definir as expectativas coeducativas
- 5.º Apostar por unha filosofía coeducativa no centro de ensino
- 6.º Afianzar unha cultura de innovación: xerar novos conceptos e procesos cara á escola coeducativa
- 7.º Definir liñas estratéxicas de actuación para o centro
- 8.º Redefinir procesos educativos que están xa en marcha
- 9.º Planificar a xestión do "novo" centro
- 10.º Utilizar a metodoloxía de proxectos como ferramenta para educar en igualdade

Estes pasos non son os únicos posibles, nin hai que seguiolos estritamente. O método que utilice cada centro de ensino debe ser flexible e adaptarse ás posibilidades e á súa realidade, mais é útil organizar a intervención seguindo a seguinte lóxica:

- Onde estamos? Cal é a situación do centro en relación cos procesos de coeducación?
- A onde queremos chegar? Que trazos definen o centro cara ao que se quere camiñar?
- Como traballamos a situación actual? Como se trazan as pontes entre o momento actual e o escenario coeducativo ao que queremos chegar? Débese tratar de primar as potencialidades do centro e as súas posibilidades sen descoidar ou ter en conta as limitacións e problemas que poidan xurdir.

PASO 1.º ACADAR O COMPROMISO COEDUCATIVO DO EQUIPO DIRECTIVO E DO PROFESORADO

A aposta pola educación en igualdade arranca do convencemento de todo o equipo directivo e do profesorado do centro de traballar por un novo estilo de educar, de transformar o modelo e as formas educativas establecidas.

Acadar este compromiso pode levar moito tempo, pero a sintonía de todo o equipo do centro é a clave do éxito. Unha vez conseguido, iníciase unha transformación paulatina que avanzará pouco a pouco, pero sen perigo de retroceso.

Esta aposta debería de comunicárselle á contorna educativa e á administración pertinente.

PASO 2.º CONFORMAR O EQUIPO DE TRABALLO

Deberá conformarse un equipo que xestione e organice o proceso, este será o “equipo xestor”. A súa composición debería ser o máis ampla e completa posible e pode estar configurada por profesorado, membros da ANPA, equipo de orientación do centro, persoas expertas en xénero, etc. Este equipo de traballo tamén debería ter un carácter multidisciplinar e definir unha metodoloxía e linguaxe comúns, co fin de harmonizar criterios.



Outro elemento que convén ter en conta é a procura de diferentes perfís persoais cunha alta motivación. Estas circunstancias favorecerán a inmersión neste proceso educativo innovador.

PASO 3.º REALIZAR UNHA AUTOAVALIACIÓN INICIAL

Para saber ata onde podemos chegar, debemos partir dunha avaliación inicial. É necesario coñecer o punto de partida do noso centro escolar para saber cal é o horizonte que podemos marcar e os pasos que deberemos dar.

Para facer unha boa avaliación do centro con relación á promoción da igualdade, propoñemos utilizar as técnicas de análise DAFO e os cadros de autoavaliación que se mostran na seguinte parte deste capítulo.

Nesta autoavaliación débese contar coas percepcións de todas as persoas implicadas, para telas en conta en posteriores pasos.

PASO 4.º DEFINIR AS EXPECTATIVAS COEDUCATIVAS

Unha vez definido o “equipo xestor” e identificadas as debilidades e fortalezas do centro –entendendo este como globalidade, na que se ten en conta o equipo docente e directivo, pero tamén as relacións, a organización e funcionamento, os contidos educativos, as materias impartidas e a metodoloxía didáctica– deséñanse e organízanse por prioridades as expectativas que orientarán todo o proceso de planificación.

Este paso debe ser ambicioso, pero realista. De nada serve establecer obxectivos para os seguintes cinco anos de traballo, por exemplo, se *a priori* se sabe que non se van poder lograr. O esforzo da planificación debe ser reflexivo, sobre a base da experiencia. As expectativas deben concretarse sobre a realidade do ensino, os seus tempos e as súas dificultades. É mellor dar pequenos pasos en firme, avanzar.

PASO 5.º APOSTAR POR UNHA FILOSOFÍA COEDUCATIVA NO CENTRO DE ENSINO

A filosofía é a razón de ser do centro de ensino e permite diferenciar uns centros doutros. Débese apostar por instalar unha filosofía coeducativa, que será o norte que guíe cada unha das actividades. Apostar por esta filosofía esixe reflexionar sobre os contidos e materiais educativos,

sobre a metodoloxía docente e sobre o marco relacional das persoas coas que se traballa. Hai que analizar o estilo e os procesos educativos do centro e identificar se promoven a igualdade real entre mulleres e homes, se favorecen o respecto e a convivencia na diversidade, se educan para a crítica e a xustiza, etc.

PASO 6.º AFIANZAR UNHA CULTURA DE INNOVACIÓN: A XERACIÓN DE NOVOS CONCEPTOS E PROCESOS DE CARA Á ESCOLA COEDUCATIVA

A innovación debe acompañar os procesos educativos, pero as novas ideas e os novos procesos non xorden de maneira espontánea, requiren dun proceso de reflexión e planificación. A partir da reflexión conxunta, débense xerar novas formas de educar, optando por innovar sen medo, apoiándose na experiencia e nas leccións aprendidas.

PASO 7.º DEFINIR LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN PARA O CENTRO

As estratexias son as liñas da intervención, coherentes entre elas, que nos levarán á escola coeducativa. A partir do traballado nos pasos anteriores deberemos deseñar, conxuntamente, as diferentes estratexias que abarquen os distintos aspectos da educación no centro para acadar a situación final desexada: educar en igualdade.

As reunións de traballo para acadar os pasos anteriores deberían axudar a desenvolver un novo estilo educativo, desafiante, creador do centro que se quere conseguir.

A partir deste paso débese acompañar todo o proceso dunha avaliación continua por parte do equipo xestor, para identificar que estratexia deu resultado e cal non e identificar as causas do éxito e do fracaso.

PASO 8.º REDEFINIR PROCESOS EDUCATIVOS XA EN MARCHA

Ademais do deseño de estratexias novas, non se pode esquecer que a escola xa está en marcha, educando paralelamente a este proceso de deseño e planificación da intervención coeducativa. Haberá, polo tanto, que redefinir procesos xa en desenvolvemento. Para isto, co fin de avanzar na mesma liña que os procesos coeducativos innovadores, seguiranse diferentes etapas de adaptación, sen présa, apoiándose nas novas estratexias nas que se está a traballar.



PASO 9.º PLANIFICAR A XESTIÓN DO NOVO CENTRO

É o momento de concretar as liñas estratéxicas deseñadas a través de actividades, da determinación das persoas implicadas en cada unha delas, dos recursos necesarios para levalas a cabo e de establecer un calendario e uns indicadores que permitan facer un seguimento do seu desenvolvemento. Esta planificación concretarase en diferentes proxectos, que serán as ferramentas que guíen o traballo.

PASO 10.º UTILIZAR A METODOLOXÍA DE PROXECTOS COMO FERRAMENTA PARA EDUCAR EN IGUALDADE

A planificación que permita camiñar de forma ordenada cara á nova escola traducirse en diferentes proxectos ou intervencións concretas. No seguinte capítulo desta guía (capítulo IV) facilítanse fichas para sistematizar a execución de proxectos coeducativos.



2.2. AUTOAVALIAR A PRÁCTICA EDUCATIVA DO CENTRO

Para planificar o camiño ata onde queremos chegar, é necesario saber de onde partimos. En función dos resultados que saian deste proceso de autoavaliación inicial, a planificación coeducativa a curto e medio prazo e os proxectos a través dos que se desenvolva poderá ser máis ou menos ambiciosa.

Para facer unha boa autoavaliación do centro, poderanse seguir as seguintes técnicas:

- Análise DAFO, consiste en identificar as debilidades e fortalezas que presenta unha persoa ou grupo á hora de traballar coeducativamente e as ameazas ou oportunidades que lle proporciona a situación ou contexto en materia de coeducación. Na DAFO, procederemos a levar a cabo a **análise desde a perspectiva de xénero** explicada no capítulo II.
- CADRO DE AUTOAVALIACIÓN, supón unha ferramenta que mediante respostas orientativas permite situar a posición, favorable ou non, do centro cara á coeducación. No cadro proposto a continuación valóranse, a modo orientativo e sen ánimo de exhaustividade, determinados aspectos referidos aos **ámbitos de intervención** tamén expostos no anterior capítulo:

- :: Modelo de centro
- :: Uso da linguaxe
- :: Docencia e material educativo
- :: Desenvolvemento persoal do alumnado

Este cadro ten o obxectivo de facilitar e de orientar o traballo de diagnose identificado no punto terceiro do método, mais non é o único posible nin hai que seguilo estritamente, achégase a modo de exemplo.

Cada aspecto analizado divídese en catro columnas numeradas do 0 ao 3. Os resultados da avaliación permitirán definir a situación do centro en relación con cada ámbito proposto conforme a unha gradación,



axudando a establecer liñas de actuación prioritarias e obxectivos a curto, medio e longo prazo.

- 0: Centro de ensino resistente ao cambio
- 1: Centro de ensino en situación inicial na práctica coeducativa
- 2: Centro de ensino en situación intermedia na práctica coeducativa
- 3: Centro de ensino en situación avanzada na práctica coeducativa



EXEMPLO CADRO DE AUTOAVALIACIÓN – COEDUCACIÓN NO CENTRO

0	1	2	3
MODELO DE CENTRO			
Comparte o equipo directivo a aposta pola coeducación?			
A coeducación non se considera un tema prioritario, polo que non hai prevista ningunha actuación neste sentido	A dirección prevé levar a cabo algúns cambios nos próximos anos, pero aínda non están definidos	O equipo directivo apoia a práctica co-educativa e delega a súa planificación e xestión nunha ou varias persoas con inquietudes na materia	O equipo directivo lidera todos os procesos de intervención coeducativa que se desenvolven no centro
Como se integran os obxectivos de promoción da igualdade?			
A promoción de igualdade non é un criterio tido en conta no desenvolvemento do labor educativo	Cada docente decide de modo particular o alcance e os contidos das actividades de coeducación	Un equipo de persoal do centro traballa a integración dos obxectivos de igualdade no desenvolvemento curricular	A maior parte do equipo docente, baixo o liderado da dirección, é proactivo na integración de obxectivos de igualdade
Como se planifican e xestionan os obxectivos de igualdade?			
Non hai planificación específica ni se sente a súa necesidade	Existe vontade de traballar a promoción da igualdade, pero de momento non é obxecto de planificación formal	A igualdade é un obxectivo educativo recollido no PEC e demais documentación que rexe o funcionamento do centro	Existe un plan de igualdade, pois considérase que este aspecto forma parte integral da planificación xeral de centro
Como se articula a coeducación no currículo educativo?			
Non hai traballo ningún neste sentido	Desenvólvense certas actividades de coeducación, mais de xeito illado	Algunhas áreas desenvolven actividades coeducativas dun xeito sistemático e programado	A igualdade forma parte integral de todos os procesos de ensino-aprendizaxe



0	1	2	3
MODELO DE CENTRO			
Como se identifican as necesidades do centro?			
Non se perciben diferenzas entre as necesidades de nenos e nenas	Execútanse actividades sen analizar as necesidades do contexto. Cada profesor/a actúa segundo o seu nivel de sensibilización	Estimúlase a obtención de ideas a partir da observación. Hai reunións con certa frecuencia para facer unha posta en común	O centro está segmentado por idades e cursos para identificar as súas necesidades. Os datos obtidos son analizados por un equipo multidisciplinar para planificar as intervencións
Como se desenvolven as intervencións coeducativas?			
Realízase unicamente algunha actividade en conmemoración de datas sinaladas: 8 de marzo e 25 de novembro	Unha ou varias persoas desenvolven actividades coeducativas cada curso escolar	Existe motivación e todo o persoal que o desexe ten a oportunidade de participar no desenvolvemento de actividades coeducativas	Adóptase un enfoque estratéxico para a planificación e o desenvolvemento da intervención coeducativa
Cal é a actitude do profesorado?			
O profesorado é reticente ao traballo en promoción da igualdade	Unha parte do profesorado é proclive a traballar, pero aínda hai que superar certas inercias	Existe predisposición ao traballo desde a perspectiva de xénero da maior parte do equipo docente	Hai unha cultura de centro de apoio á intervención coeducativa
Cal é a capacitación do persoal docente ?			
A totalidade do persoal carece de nocións básicas sobre o concepto de igualdade e as súas repercusións no ámbito educativo, mais non se sente esta necesidade	Estimúlase o persoal para que asista a cursos de especialización, con resultados desiguais	Unha parte do persoal participa ou participou en cursos de capacitación para integrar a igualdade no currículo	O persoal está formado para integrar solucións coeducativas nos seus procesos de ensino

0	1	2	3
MODELO DE CENTRO			
Cal é a estrutura organizativa do centro?			
A asignación de cargos e responsabilidades é insensible ao xénero	Anímase o profesorado feminino a que participe na detención de cargos ou responsabilidades, mais non se considera unha cuestión relevante	O centro é consciente de que a estrutura organizativa non é neutra desde o punto de vista da igualdade e adopta certas medidas de promoción da igualdade	Garántese a paridade nos órganos colexiados do centro e no desempeño de cargos e responsabilidades
Como se distribúen tempos e espazos en función do sexo?			
Non se perciben diferenzas na distribución de tempos e espazos en función do sexo	Recoñécese que hai un desequilibrio, pero non se ten prevista unha intervención a curto prazo	Realízanse actividades puntuais para equilibrar o uso dos espazos e tempos, mais non hai unha actuación sistemática	Realízase un estudo do uso dos tempos e espazos escolares (patio, aulas, laboratorios etc.), en función do cal se desenvolven estratexias para conseguir un repartimento equitativo de tempos e espazos
Existen relacións co contorno?			
Non se estableceu ningún contacto ningún con outros centros ou entidades para contrastar experiencias no ámbito da igualdade	Unha ou varias persoas realizaron contactos a título persoal para coñecer outras experiencias	O centro contactou con outros ou coa Administración para solicitar apoio	O centro comparte activamente experiencias e propostas con outros centros ou institucións
Foméntase o traballo en rede?			
Non hai ningún compromiso de traballo conxunto	As distintas áreas do centro participan no deseño e desenvolvemento de actuacións no ámbito do centro	O centro participa en proxectos de igualdade no eido local, autonómico, nacional ou internacional	O centro constitúe un referente e un exemplo en materia de boas prácticas



0	1	2	3
USO DA LINGUAXE			
Que uso da linguaxe se observa no material didáctico e no resto de documentación do centro?			
Non se fixo análise ningunha a este respecto	Unha parte do profesorado identificou nos materiais que emprega expresións e linguaxe androcéntrica e leva a cabo accións puntuais para corrixila	Existe xa un traballo de revisión conxunto e sistemático do profesorado de certas áreas da linguaxe empregada	Hai unha planificación a nivel de centro para revisar a totalidade dos materiais didácticos e a totalidade da documentación que se xera no centro para erradicar os usos sexistas da linguaxe
Que linguaxe se utiliza na comunicación interpersonal?			
Non se fixo análise ningunha a este respecto	Sábese que se usa linguaxe sexista, mais o traballo diario non deixa tempo para atender este aspecto	Unha parte do profesorado está formándose e reciclándose, entendendo a importancia da linguaxe e as discriminacións que se trasladan consciente ou inconscientemente	O equipo directivo e docente está formado e faise un seguimento periódico do uso da linguaxe oral no centro
A sinaléctica do centro utiliza por igual os usos masculinos e femininos da linguaxe?			
Os rótulos utilizan o universal masculino, que inclúe homes e mulleres	Úsase o masculino universal porque non hai consenso sobre a necesidade do cambio	Este tema foi tratado en diversas ocasións e, ao estar de acordo a práctica totalidade do persoal docente, iniciarase en breve a súa revisión	Foron revisados e redactados cunha linguaxe inclusiva a totalidade dos rótulos da escola

0	1	2	3
DOCENCIA E MATERIAL EDUCATIVO			
Que imaxes aparecen nos libros de texto e na cartelería?			
Non se fixo análise ningunha a este respecto	Unha parte do profesorado identificou imaxes sexistas e estereotipadas e leva a cabo accións puntuais para corrixilas	Existe xa un traballo conxunto e sistemático do profesorado de certas áreas de revisión das imaxes empregadas	Hai unha planificación a nivel de centro para revisar a totalidade dos materiais didácticos e os carteis que adornan o centro para que transmitan unha realidade plural e non estereotipada
Como se seleccionan os contidos para impartir?			
Non se fixo análise dos contidos desde a perspectiva de xénero	Unha parte do profesorado identificou contidos sexistas nos manuais e leva a cabo accións puntuais para corrixilas	Algúns profesores e profesoras dedican tempo a seleccionar materiais complementarios que axudan a transmitir unha visión menos estereotipada dos homes e das mulleres	Existe unha planificación a nivel de centro para abordar os contidos dos materiais utilizados no centro, de xeito que se supere a imaxe estereotipada e sexista que trasladan
Quen e como se determina o enfoque e o estilo da materia a impartir?			
É un asunto privado de cada profesor/a	Unha parte do profesorado dedica unha ou varias sesións a tratar temas relacionados coa promoción da igualdade	Algúns profesores e profesoras están tentando traballar o enfoque coeducativo na súa práctica docente	Existe unha planificación a nivel de centro para, a partir da diagnose do centro, trasladar ás diferentes materias o enfoque coeducativo



0	1	2	3
DESENVOLVEMENTO PERSOAL DO ALUMNADO			
Como se aborda a construción da personalidade e o desenvolvemento da autonomía no alumnado?			
Estes aspectos trátanse sen diferenciacións de sexo, de xeito neutral	Desenvólvense actuacións puntuais en resposta a certas situacións que se producen no centro: casos de anorexia, violencia de xénero, etc.	Desenvólvense periodicamente obradoiros sobre diferentes aspectos, como prevención da violencia de xénero ou condutas de risco asociadas a un ou outro xénero	O labor educativo sempre explora as diferentes necesidades do sexo feminino e masculino e ten en conta os riscos e a vulnerabilidade asociados a cada un deles
Como se leva a cabo a orientación persoal, escolar e profesional do alumnado?			
Estes aspectos trátanse sen diferenciacións de sexo, de xeito neutral	Antes de rematar o ensino obrigatorio realízase unha charla co alumnado do último curso para propiciar as opcións académicas e profesionais non estereotipadas	Desenvólvense periodicamente actuacións desde o marco da acción tutorial e o departamento de orientación para propiciar as opcións académicas e profesionais non estereotipadas	O centro ofrece sistematicamente modelos que favorecen a construción de identidades non estereotipadas e ten planificadas accións específicas desde o marco da acción tutorial e o departamento de orientación para erradicar os estereotipos sexistas
Como se trata o respecto da identidade sexual?			
Non existe ningunha actuación neste sentido	Desenvólvense actuacións puntuais en resposta a certas situacións de hostilidade que se producen no centro	Desenvólvense periodicamente obradoiros sobre a diversidade afectivo-sexual	Existe unha programación específica para traballar a diversidade afectivo-sexual e previr as condutas homófobas

3. A XESTIÓN DE PROXECTOS DE COEDUCACIÓN



Polo xeral, non se adoita falar en termos de xestión no ensino, mais a idea de “xestión” permite recoller o proceso de implantación dun proxecto, desde o seu comezo ate o peche.

Con este propósito tentárase un achegamento ao concepto **proxecto coeducativo**, que o diferencia doutro tipo de proxectos e cales son as súas **fases de xestión**. Igualmente, ofreceráse unha explicación dos pasos que se han dar en cada unha destas fases, proporcionando **ferramentas e técnicas de traballo** para tratar a información de xeito sistemático e coherente en todo momento cos obxectivos perseguidos.

Durante todas as fases botárase man dos aspectos de análise desde a perspectiva de xénero explicados na última parte do capítulo II, dirixindo o noso esforzo a programar proxectos orientados aos ámbitos de intervención tratados tamén no mesmo capítulo. A cada fase do proxecto correspóndelle unha **ficha de apoio**, na que se resume de xeito ordenado toda a información coa que se traballa. Estas fichas serán aplicables a todo o proceso de xestión dos proxectos.

ASPECTOS DA ANÁLISE DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO

- Relacións.
- Contexto.
- Experiencia e capacidade do centro.

ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

- Modelo de centro.
- Uso da linguaxe.
- Docencia e material educativo.
- Desenvolvemento persoal do alumnado.



3.1. O PROXECTO COEDUCATIVO. DEFINICIÓN E FASES DE XESTIÓN

Os **proxectos coeducativos** son instrumentos operativos que permiten abordar as desigualdades de xénero específicas do ámbito escolar e fortalecer as capacidades de todas as persoas que forman parte da comunidade educativa para propiciar cambios que fomenten a igualdade.

Un proxecto coeducativo, como calquera outro tipo de proxecto, ten as seguintes características:


- **Un conxunto de actividades orientadas** → resulta fundamental para que as actividades sexan coherentes, axustadas ao contexto de intervención e complementarias, que busquen a realización dun obxectivo ou resultado común. O número de actividades dependerá da complexidade do obxectivo proposto, do tempo e do orzamento dispoñible.
- **Nun período de tempo concreto** → o proxecto debe ter unha data de inicio e unha data de fin (non debe prolongarse sen límite). A planificación temporal debe permitir que as actividades teñan unha secuencia viable, axustada ás características do ciclo escolar, tendo en conta períodos de maior carga lectiva ou vacacionais.
- **Concentración/focalización** → deberá existir unha coherencia global, as súas actividades teñen que ter un sentido como conxunto e unha dirección clara para poder ter un impacto real ao final da súa execución. Débese evitar que as actividades sexan dispersas ou con destinatarios moi diferentes. A concentración pode ser temática: actuar no eido das relacións ou sobre os materiais didácticos, por exemplo, ou funcional: levar a cabo actividades de

PLANS DE IGUALDADE E PROXECTOS COEDUCATIVOS

Plans de igualdade, documentos onde se recollen os obxectivos e as estratexias para a promoción da igualdade no centro a longo prazo (entre 3 e 5 cursos escolares).

Proxecto coeducativo, conxunto de actividades que se integran nun plan e que se realizan nun período de tempo concreto (1 ou 2 cursos), para un colectivo determinado e cun orzamento limitado, coa finalidade de transformar (mellorar) situacións específicas de desigualdade de xénero na escola. Os resultados dun proxecto deberán manterse no tempo (ser sustentables) aínda que este finalice.

FASES DO PROXECTO



sensibilización –xornadas, festivais, web– ou de formación, entre outras.

- **Para un colectivo determinado** → as persoas destinatarias das actividades coeducativas deben estar definidas previamente en función dos obxectivos propostos. Débese actuar sobre un colectivo determinado e máis ou menos homoxéneo durante todo o proxecto e evitar traballar con grupos diferentes, xa que os resultados do proxecto poderían quedar moi dispersos.
- **Busca da continuidade (sustentabilidade)** → cando se diseña un proxecto, hai que pensar en que os contidos ou actividades deben continuar cando este acabe, integrándose na práctica docente ou nas dinámicas habituais do centro educativo.

3.2. AS FASES DE XESTIÓN NOS PROXECTOS COEDUCATIVOS

A xestión dun proxecto artículase en diferentes fases:


1. **Identificación.** É unha fase moitas veces esquecida, trátase de establecer claramente as necesidades e a situación de desigualdade específica sobre a que se quere actuar. Isto axudará a ver os problemas de xénero e a chegar as solucións máis axeitadas.
2. **Deseño.** É unha fase imprescindible para un bo traballo; trátase de definir os obxectivos e actividades e tamén de planificar, o que implica ter en conta en que momento se van realizar as actividades e asignar os recursos necesarios de persoal, materiais e económicos. Unha boa planificación debe ter en conta os resultados que busca o proxecto e poñer os medios para acadalos. Só deste xeito se conseguirá que as actuacións do proxecto non aparezan atrapalladas e sexan coherentes.
3. **Execución.** Nesta fase lévase á práctica o proxecto coeducativo deseñado. Son tarefas fundamentais desta fase:
 - :: A coordinación entre participantes ou persoas involucradas no desenvolvemento das actividades previstas polo proxecto.



:: O seguimento; é dicir, o control sobre a planificación do proxecto para garantir que se acaden con éxito os resultados que nos formulamos inicialmente.

4. Avaliación. Trátase de facer balance sobre o proxecto executado, comparando a proposta inicial cos resultados acadados.

Neste capítulo abordaranse os contidos de cada unha destas fases e indicaranse algunhas técnicas de análise e ferramentas que axuden nas tarefas de xestión asociadas, seguindo a seguinte secuencia.



3.2.1. IDENTIFICACIÓN DE NECESIDADES: COMO ATOPAR A SITUACIÓN DE DESIGUALDADE QUE QUEREMOS TRANSFORMAR?

Débase **identificar** cal é a situación de desigualdade de xénero que se quere transformar ou mellorar, a quen afecta e que queremos acadar co noso proxecto, concretando o modo en que o imos facer e valorando as posibilidades de logralo.

Pasos.

Para cada fase da xestión de proxectos coeducativos proporcionanse uns pasos básicos e orientativos; cada grupo de traballo adaptará estes pasos ás súas necesidades e realidade.

Técnicas e ferramentas de análise.

As técnicas e ferramentas de análise escollidas nesta guía permiten recoller información e xestionala, constituíndo un instrumento útil para introducir a perspectiva de xénero no ensino.

Fichas de apoio.

Actúan como formularios, para cada unha das fases da xestión coeducativa. As fichas permiten sintetizar a información obtida en cada fase como resultado da aplicación das técnicas e ferramentas que se propoñen en cada epígrafe.

Por onde comezar? O primeiro paso para iniciar un proxecto coeducativo é a IDENTIFICACIÓN de necesidades ou da situación de desigualdade sobre a que se quere intervir.

Neste momento, é fundamental ter claras as seguintes cuestións clave:

- Cal é a situación específica de desigualdade que queremos corrixir?
- Onde queremos chegar e, a grandes trazos, como conseguilo?
- A quen irá dirixida a acción coeducativa?

Para actuar nesta fase, resulta de grande utilidade seguir os **pasos** que se indican a continuación e desenvolver as **técnicas** de traballo asociadas a cada un deles:





PASOS	TÉCNICAS RECOMENDADAS
1.º Constituír un grupo de traballo para deseñar e desenvolver o proxecto de coeducación.	Análise de participación e DAFO (selección grupo de traballo).
2.º Seleccionar o problema principal ou situación específica de desigualdade sobre a que se vai intervir.	Grupo de discusión e brains-forming. Árbore de problemas.
3.º Identificar os obxectivos do proxecto de coeducación.	Árbore de obxectivos.
4.º Seleccionar solucións alternativas e o colectivo destinatario ao que se dirixen estas alternativas.	Análise de alternativas. Análise de participación (selección colectivo destinatario).

PASO 1.º CONSTITUÍR UN GRUPO DE TRABALLO PARA DESEÑAR E DESENVOLVER O PROXECTO DE COEDUCACIÓN

A posta en marcha do proxecto coeducativo precisa dun grupo de persoas que o promova e se encargue do seu deseño e desenvolvemento, o grupo de traballo de coeducación, comprometido co traballo e motivado para levalo adiante.

O ideal sería que este grupo se enriquecese coa participación de persoas expertas en xénero e coeducación, formen parte do persoal do centro ou non, asociacións feministas, sociais ou culturais da contorna, a ANPA do centro, etc. Deste xeito, o grupo terá unha visión máis ampla sobre a problemática que se vai traballar e contará con maiores capacidades e apoios á hora de actuar.

Recomendacións:

- :: Buscar perfís docentes diferentes e complementarios, con caracteres e personalidades que se integren e certa vocación cara aos obxectivos de igualdade da escola.

- :: Contar, se se considera preciso, con persoas externas e expertas en materia de xénero ou outras especialidades de interese.

Para axudar a organizar o grupo, a saber con quen se debe contar activamente ou de quen sería bo ou aconsellable ter o apoio ou presenza nos traballos, recoméndase a seguinte **TÉCNICA**:

ANÁLISE DE PARTICIPACIÓN. SELECCIÓN DO GRUPO DE TRABALLO

Mediante esta técnica, pódese valorar de xeito moi sinxelo o perfil das persoas, grupos ou entidades coas que se debe contar nun proxecto coeducativo, tanto as persoas que van participar nel, como o colectivo destinatario a quen irá dirixido, como se verá no 4.º paso desta fase de identificación.

Seleccionar as persoas participantes no grupo de traballo pode ser fundamental para que este funcione ou estea ben orientado: hai que valorar quen debe participar nel, o que significa ter en conta aspectos como:

- :: Experiencia en coeducación ou temáticas análogas ou de utilidade para o proxecto; p. ex.: multiculturalidade, integración na escola.
- :: Accesibilidade e dispoñibilidade para o traballo: non é o mesmo que a persoa ou o grupo forme parte do propio equipo do centro que non.

Como levar adiante a análise de participación?

1. Nunha reunión farase unha posta en común sobre as persoas ou grupos de persoas coas que se debe contar e/ou destinatarias.
2. Definidas as persoas ou os grupos, indícarase para cada un as súas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (técnica DAFO), pensando na súa achega ou no interese que teña a súa participación para o proxecto coeducativo. A partir desta DAFO, sabermos para que, como e en que nos pode apoiar cada persoa ou grupo.



3. A información recollida e consensuada permitiranos establecer unha prioridade entre os grupos ou nomes apuntados e detectar os máis importantes para o proxecto coeducativo.

A análise de participación resulta un xeito rápido e sinxelo para ordenar e sistematizar unha reflexión conxunta, xa que permite resumir os aspectos positivos e negativos e permitirá realizar unha selección máis obxectiva na que se valoren todas as alternativas posibles.

Exemplo: cadro resumo análise de participación

Nome persoa ou entidade	Función/ cargo	Observación/ Achega ao proxecto	DAFO			
			DEBILI- DADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNI- DADES
Juana Fdz.	Profesora	Profesora na área de CC. da Saúde	Escasa formación en igualdade e falta de tempo	Posibilidade de que outros temas acaparen a súa atención	Motivación e sintonía co profesorado implicado	Sentar as bases para traballar de xeito coeducativo no centro
Varias persoas	ANPA	Contacto directo co alumnado no ámbito familiar	Escasa sensibilización en igualdade	Resistencia á execución de proxectos de coeducación en horas lectivas	Implicación nas distintas actividades do centro	Reforzo dos obxectivos do proxecto desde o contexto familiar
Fernando O Campo	Departamento Orientación	Contacto directo, coñecemento dos problemas do alumnado		Falta de persoal no departamento que lle pode quitar tempo para o proxecto	Disponibilidade para actuar no horario de tutorías	Complementar o esforzo feito polo profesorado e a ANPA

PASO 2.º SELECCIONAR O PROBLEMA PRINCIPAL OU A SITUACIÓN ESPECÍFICA DE DESIGUALDADE SOBRE A QUE SE VAI INTERVIR.

OUTRAS TÉCNICAS APLICABLES PARA A IDENTIFICACIÓN DO PROBLEMA:

Análise da información dispoñible utilizando:

- Fontes primarias, de elaboración propia, por exemplo: datos relativos ao propio centro, entrevistas con informantes de interese.
- Fontes secundarias, como estudos, publicacións, estatísticas ou noticias de xornais, acerca da situación de desigualdade de xénero que queremos abordar.

Observación participante. Permite coñecer a vida cotiá dun grupo dende o seu interior. Unha vez definida a información que se precisa obter, deséñase un guión. Con el a persoa ou persoas implicadas recollen datos de xeito ordenado e cun obxectivo acerca da situación ou realidade observada. Esta técnica pode ser moi útil, xa que moitos dos ámbitos de intervención coeducativa se refiren a cuestións subxectivas: actitudes, desempeño de roles, diferenciación sexual nas actividades da escola, etc.

Entrevistas. O grupo de traballo pode escoller unha serie de temas e elaborar unha entrevista con carácter de enquisa para coñecer a adhesión ou non a un determinado tema; nela preséntanse opcións de respostas pechadas ou abertas, se pretendemos achegarnos ás opinións e valoracións das persoas entrevistadas.

Tormenta de ideas (brainstorming). Nun tempo curto e limitado, todos os membros do grupo de traballo por quendas expoñen as súas ideas sobre a problemática que se vai abordar. Tómase nota de todas, para logo valoralas unha a unha, coas súas vantaxes e inconvenientes.

Este paso resulta fundamental, xa que a boa definición da problemática permitirá que os obxectivos e actividades que se establezan no proxecto estean realmente orientadas segundo o punto de partida inicial. Para realizar un bo traballo de identificación deberíanse realizar reunións, obradoiros participativos, encontros ou grupos de discusión e debate nos que participen aquelas persoas que son informantes de interese para a proposta coeducativa: profesorado, membros da ANPA, titores/as, departamento de orientación, etc.

Tratarase de buscar unha situación específica sobre a que actuar; isto é, de delimitar o problema, indo do máis xeral ata o máis concreto. Un único proxecto de coeducación non vai resolver "a desigualdade entre nenas e nenos" ou a "transmisión de roles de xénero". Estas son problemáticas xerais que o proxecto axudará a resolver, pero que o transcenden. Deste modo, o grupo de traballo terá que focalizar o seu traballo sobre algún aspecto máis concreto, como podería ser "a imaxe do masculino e do feminino que se proxecta na cartelería e materiais didácticos".

Para garantir a coherencia dos proxectos coeducativos, a continuación propóñense unhas técnicas que axudan a ordenar, sistematizar e concretar a problemática sobre a que se vai intervir.



Con carácter previo, débense revisar os seguintes aspectos:

1. Se se dispón dun **plan de igualdade** no centro (capítulo III), deberíase comezar por elixir, de entre as liñas estratéxicas marcadas nel, aquelas coas que o grupo de traballo se sinta máis afín ou identificado.

Se non existe un plan de igualdade previo, poderíase aproveitar a AUTOAVALIACIÓN do capítulo III e con ela facer unha primeira análise do estado do centro en relación coa igualdade.

2. Seleccionar conxuntamente o **ámbito de intervención** do proxecto (capítulo II):

- :: Modelo de centro.
- :: Uso da linguaxe.
- :: Docencia e material educativo.
- :: Desenvolvemento persoal.

3. Reflexionar novamente sobre os aspectos propostos na **análise desde a perspectiva de xénero** (cap. II). Nas reunións das persoas implicadas no proxecto deben identificarse todos os problemas de xénero presentes no ámbito de intervención elixido. Lémbranse, en concreto, estes dous aspectos:

- :: Relacións de xénero no marco da comunidade educativa.
- :: Contexto: factores externos, sociais e culturais, que inciden nas relacións de xénero no centro.

4. Revisar materiais, **bibliografía relativa a coeducación** ou a ámbitos específicos de traballo, que poida orientar e proporcionar ideas. A información acadada debe tratarse focalizando a atención nos aspectos que sexan de maior interese para o grupo, en función de distintos criterios: experiencia, afinidade temática, gravidade das consecuencias da desigualdade...

Para estas tarefas, propóñense as seguintes **TÉCNICAS**:

GRUPO DE DISCUSIÓN. É unha técnica que sistematiza e axuda a ordenar a información que manexa un grupo. É moi sinxela, trátase de poñer en común a problemática sobre a que se quere actuar. Recoméndase ter en conta os seguintes aspectos básicos:

- :: Nomear unha persoa moderadora, coñecedora da temática, que xa reflexionase sobre a desigualdade e as necesidades de intervención que ten o centro. Esta persoa presentará o tema de discusión, poderá facilitar documentación, orientará o debate, controlará as quendas de palabra e limitará tempos. Poderase axudar doutra persoa que se encargue de recoller as ideas máis relevantes.
- :: Constituír o grupo nun lugar e horario apropiado e cómodo para todo o mundo, aplicando criterios de conciliación, de xeito que non entorpeza en exceso as persoas participantes.
- :: Limitar o tempo de reunión, aproximadamente a unha hora ou hora e media. Esta limitación obrigará a sintetizar e ir ás cuestións esenciais. Antes de rematar, resulta fundamental poñer en común os puntos de acordo, realizar unhas conclusións.

ÁRBORE DE PROBLEMAS – ANÁLISE CAUSA/EFECTO

Trátase de ordenar os problemas sobre os que centraremos a nosa intervención. A técnica consiste en elaborar unha “árbore”, na que a base a constitúen as causas e o cumio os efectos desas causas; é dicir, o problema.

Noutro sentido, a maior xeneralidade dáse no cumio, onde se sitúa o problema xeral, e as cuestións máis específicas ou concretas da situación de desigualdade sobre a que imos intervir sitúanse por debaixo del, en ramas vinculadas.


Para traballar esta técnica, propóñense as seguintes **recomendacións**:

- :: Tomar o aspecto ou ámbito de intervención elixido sobre o que o grupo decidiu traballar.



- :: Utilizando novamente a técnica do grupo de discusión, traballar os diferentes puntos de vista sobre o tema elixido. Trátase de ordenar a información seguindo unha lóxica de **relación de causa-efecto** (que problemas de xénero na escola son causa ou efecto de cales).
- :: Plasmar a relación de problemas detectados coa súa correspondente xerarquía causa-efecto nunha **ÁRBORE DE PROBLEMAS** (por exemplo, preguntándonos cales son as causas do problema rosa, deberíamos atopar os problemas azuis).

Por exemplo:



PASO 3.º IDENTIFICAR OBXECTIVOS DO PROXECTO DE COEDUCACIÓN.


Nesta etapa xa está identificada e estruturada a problemática de desigualdade sobre a que se vai actuar. Isto vai permitir definir os obxectivos específicos cos que se vai traballar.

Seguindo a lóxica da análise de problemas, propónse a seguinte **TÉCNICA** para proceder a traballar os obxectivos:

ÁRBORE DE OBXECTIVOS. ANÁLISE MEDIOS-FINS

Para chegar á definición dos obxectivos, bastará con transformar as situacións negativas detectadas previamente; por exemplo: uso de linguaxe discriminatoria por parte do profesorado en situacións positivas ou desexables (uso de linguaxe inclusiva e non sexista por parte do profesorado).

A técnica que segue parte do procedemento anterior, as temáticas ou problemas sobre os que se vai traballar xa están identificados na **ÁRBORE DE PROBLEMAS**.





Traballárase agora do máis xeral ao máis concreto, partindo do cumio da árbore e transformando cada recadro PROBLEMA XERAL na correspondente situación positiva –OBXECTIVO XERAL–. O descenso irá levando aos fins últimos do proxecto de coeducación e aos medios cos que se vai ir resolvendo a situación específica de desigualdade sobre a que nos formulamos intervir. Así, no exemplo, o obxectivo 1 (rosa) acádase a través do alcance do obxectivo 1.1 (azul) e, para acadar os obxectivos azuis, haberá que levar a cabo unhas actividades concretas. Volverase sobre a cuestión na fase 2 de DESEÑO.

PASO 4.º SELECCIONAR SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS E O COLECTIVO DESTINATARIO AO QUE SE DIRIXEN ESTAS ALTERNATIVAS

É o último paso da identificación. Consiste en elixir unha solución a partir da análise de obxectivos que nos marcamos no paso anterior. É moi posible que se teñan identificadas distintas solucións alternativas, así que trataremos de proporcionar técnicas e criterios para realizar a selección máis apropiada.

Como proceder? Partindo dos resultados do paso anterior e fixándose no obxectivo específico elixido, débese pensar na solución máis factible para alcanzalo a curto prazo (un ou dous anos). Para iso terase en conta unha dobre dimensión; por unha parte, débese identificar a opción que pode contribuír mellor a solucionar a desigualdade e, por outra, cales son os recursos/medios dispoñibles para executala. As **TÉCNICAS** máis recomendables para facilitar esta tarefa son:

A selección de alternativas implica unha actitude comprometida e activa, xa que require a toma de decisións sobre a mellor opción de traballo, a cal afectará o grupo no próximo ou próximos anos lectivos.

ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Esta análise vai facilitar a toma de decisións e a selección da solución máis acaída (liña de actuación do proxecto de coeducación). Para levala a cabo, constrúese un cadro no que deben figurar:

- A. Na columna da esquerda, as diferentes alternativas de actuación que se propuxeron.
- B. Na fila superior, os seguintes aspectos ou criterios:

- a. O obxectivo operativo que nos marcamos para o proxecto co-educativo.
- b. Os recursos dispoñibles, facendo a seguinte reflexión:
 - :: Respecto dos recursos económicos e materiais: de que orzamento, instalacións, medios se dispón?, cal é a alternativa que mellor se axusta?
 - :: Respecto dos recursos humanos e técnicos: cal é a alternativa máis axeitada co persoal co que se conta?, cal é a súa experiencia e dispoñibilidade?
 - :: Respecto do tempo: de canto tempo se dispón, tendo en conta a carga habitual de traballo?
 - :: Respecto da incidencia no colectivo destinatario: que alternativa pode influír no cambio de actitudes de xeito máis directo e positivo?
 - :: Respecto da sustentabilidade: que alternativa ten máis posibilidades de perdurar no tempo?

Unha vez formulado o cadro, como se ve no exemplo, asignaráselle un valor, por exemplo do 1 ao 10, a cada recadro. A alternativa que sume máis puntos será a que teña máis posibilidades de éxito.

Este proceso realizarase coa participación de todo o grupo e as valoracións deberán facerse por consenso.



Exemplo:

ALTERNATIVAS DE ACTUACIÓN	1. Revisión do discurso e dos programas docentes	2. Revisión de materiais e sensibilización nas aulas sobre a igualdade nas profesións
Obx. Op.1. Xerar unha imaxe igualitaria dos roles profesionais	3 puntos	3 puntos
ORZAMENTO	9 puntos	9 puntos
INSTALACIÓNS MEDIOS	1 puntos	3 puntos
RECURSOS HUMANOS	3 puntos	9 puntos
TEMPO	2 puntos	6 puntos
GRUPO DESTINATARIO	2 puntos	6 puntos
SUSTENTABILIDADE	9 puntos	3 puntos
TOTAL	27 puntos	39 puntos

A opción máis valorada sería a segunda, cunha puntuación de 39 puntos, e a continuación a primeira, con 27 puntos.

ANÁLISE DE PARTICIPACIÓN. SELECCIÓN DO COLECTIVO DESTINATARIO

Nesta ocasión búscase identificar o grupo ao que se dirixirán as actuacións do proxecto ou colectivo destinatario: profesorado, alumnado, familias, asociacións, etc. Para iso, aplicarase de novo a técnica de análise de participación, de xeito semellante a como se fixo no paso 1.º para identificar as persoas que deben formar parte do grupo de traballo, só que esta vez se pensará nun sentido finalista: sobre que grupo pretende incidir o proxecto?

Algunhas **recomendacións**:

- :: A clave está na observación da realidade e do traballo diario no centro escolar.
- :: Débese observar aplicando a análise desde a perspectiva de xénero.
- :: Para detectar o colectivo prioritario, hai que pensar sempre nas actuacións e solucións alternativas que se están identificando.
- :: Tratarase de incidir sobre o(s) grupo(s) que sexan máis sensibles para os efectos da situación específica de desigualdade sobre a que se traballa e/ou con maiores posibilidades de que o proxecto axude a modificar as súas condutas.
- :: Elixir o colectivo destinatario dándolle prioridade á concentración. É dicir, é preferible que o proxecto actúe sobre un grupo o máis definido e limitado posible. Ademais, debemos procurar actuar de xeito constante sobre el, evitando a dispersión de distintas actuacións sobre distintos grupos, xa que isto vai diminuír as posibilidades reais de transformación do proxecto.



Xa rematou a fase de identificación

Recompilouse e ordenouse a información a partir da realidade do centro, leváronse a cabo reunións cos/coas informantes de interese, identificáronse os problemas de desigualdade, definiuse o obxectivo do proxecto e, despois de analizar a mellor alternativa de actuación, estableceuse o colectivo sobre o que se vai actuar.

Neste momento, xa se pode trasladar a información resultante á **FICHA 1. IDENTIFICACIÓN**.



FICHA 1- IDENTIFICACIÓN

FICHA 1- IDENTIFICACIÓN			
TÍTULO PROXECTO			
CENTRO ESCOLAR		RESP. PROXECTO (cargo)	
ENDEREZO / CONTACTO		TELÉFONO / CORREO-E	
Grupo de traballo do proxecto coeducativo	Nome (engadir tantas liñas como sexan necesarias)	Función (indícase en relación ao proxecto que cargo)	Experiencia en coeducación: SI /NON, cal?
Situación de partida: explique brevemente cal é a situación de desigualdade no seu centro, aplicando para elo a ANÁLISE DENDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO (cap.II) .			
Sinale os problemas sobre os que se quere actuar, (3 máximo). Priorice de maior a menor importancia			
1º (máis importante)			
2º (menos importante)			
3º (menos importante)			

FICHA 1- IDENTIFICACIÓN

Marque con X o ámbito de intervención. Explique a súa elección en relación cos problemas de igualdade sinalados no punto anterior.

Modelo de Centro

Uso da linguaxe

Docencia e material educativo

Desenvolvemento persoal do alumnado

Criterios que levaron a seleccionar esa alternativa.
Marque con X:

Colectivo(s) destinatario(s)

Recursos humanos e técnicos dispoñibles

Profesorado

Nais e Pais (ANPA)

Recursos materiais e económicos dispoñibles

Alumnado Bacharelato

Outros (especifique):

Experiencia de traballo no mesmo ámbito

Alumnado ESO

Menor tempo que se precisaría para acadar resultados

Alumnado Primaria

Sostenibilidade: alternativa que perduraría no tempo

Alumnado Infantil

ALTERNATIVA elexida para o traballo en coeducación.

* dispoñible en <http://www.igualdadegalia.org>

3.2.2. DESEÑO DO PROXECTO: COMO ARTICULAR O PROXECTO COEDUCATIVO UNHA VEZ IDENTIFICADO?

A fase de deseño consiste en desenvolver e concretar aspectos do tratado na fase de identificación; isto é, en darlle forma ao proxecto coeducativo, ordenando toda a información recollida no traballo da fase anterior.

Un bo deseño debe proporcionar a información necesaria para entender en que consiste un proxecto. Para garantir un deseño de calidade e completo, recoméndase responder as seguintes preguntas clave, como método que garante que se consegue trasladar ao deseño todos os datos precisos.

PREGUNTAS CLAVE	RESPOSTAS NO DOCUMENTO DE DESEÑO
QUE se quere facer?	Introdución coa explicación do tipo de proxecto coeducativo de que se trata.
POR QUE se quere facer?	Xustificación da necesidade do proxecto a partir da desigualdade identificada.
ONDE se vai facer?	Ámbito territorial, localización física e características do centro de ensino.
PARA QUEN e CON QUEN?	Colectivo destinatario e grupo de traballo.
PARA QUE se quere facer?	Obxectivo xeral e obxectivo específico de igualdade.
CANTO se vai facer?	Metas concretas que se pretenden alcanzar.
COMO se vai facer?	Actividades que se van realizar e técnicas e metodoloxías que se van empregar.
CANDO se vai facer?	Asignación de tempos.
CON QUE se vai facer?	Asignación de recursos humanos e económicos.
QUEN fai que?	Asignación de responsabilidades dentro do grupo de traballo.
QUE sabemos?	Fontes utilizadas para a recollida da información.



A importancia desta fase débese a que:

- O deseño do proxecto ordena toda a información recollida na fase de identificación.
- O documento deseñado vaise consultar constantemente ao longo de toda a intervención coeducativa, polo que debe ser completo, claro e sinxelo.
- O documento deseñado favorece a calidade do traballo, pois todo o equipo implicado conta con toda a información e os datos esenciais do proxecto.
- A fase de avaliación, que se abordará máis adiante, tamén se apoia neste documento. O deseño permitirá comparar, cando finalice a intervención, a previsión inicial cos resultados acadados.

Para deseñar o proxecto propóñense os seguintes **PASOS**:

PASOS	TÉCNICAS RECOMENDADAS
1.º Organizar o equipo de traballo implicado no proxecto.	Grupo de discusión
2.º Contextualizar a situación de desigualdade sobre a que se quere intervir.	Grupo de discusión
3.º Definir o esquema de intervención coeducativa	Matriz de deseño
4.º Asignarlle recursos ao proxecto: persoas/tempo/diñeiro.	Cronograma

PASO 1: ORGANIZAR O EQUIPO DE TRABALLO IMPLICADO NO PROXECTO

1. Antes de deseñar o proxecto, é necesario organizar o equipo de traballo implicado no proxecto coeducativo establecendo:
 - As persoas responsables de elaborar os informes necesarios, as que van redactar o proxecto.
 - O equipo que se implicará en cada actividade.
2. Definiranse entre todos/as as responsabilidades de cada persoa. É oportuno neste momento de definición de roles no proxecto ter moi en conta o carácter, a experiencia e as debilidades e fortalezas de cada un/unha. En función do perfil, nomearase:
 - Un/unha coordinador/a.
 - Responsables de seguimento técnico.
 - Responsables de seguimento económico.
 - Executores/as de actividades.
 - Etc.
3. Unha vez seleccionadas e organizadas as persoas implicadas no proxecto, será óptimo acadar o maior consenso posible no establecemento das seguintes cuestións:
 - **Filosofía do proxecto** que axude a superar certas visións androcéntricas e estereotipadas no centro educativo. Esta visión debería implicar tanto o profesorado coma o equipo directivo. Se o centro xa está dotado dun plan de igualdade, terá moi avanzado este punto.
 - **Canles de comunicación**, que axuden a todo o equipo implicado no proxecto a estar informado dos avances ou problemas que poidan xurdir na propia dinámica do seu desenvolvemento.
 - **Metodoloxía de traballo** que permita, entre outras cousas, a uniformidade na recollida e presentación de datos.



- **Datas clave e compromisos.** É recomendable utilizar un esquema de traballo no que se fixe un calendario de actuacións e os compromisos que se asumen individual e colectivamente. Este esquema debe ser interiorizado por todo o equipo, co fin de avanzar de xeito individual –cada quen coas súas responsabilidades e actividades– e colectivo. Respecto deste último punto, as reunións seguirán ordes do día coñecidas previamente, faranse en datas marcadas de antemán, p. ex.: os venres de cada semana ou o primeiro luns de cada mes, e nelas comentaranse os avances a partir das fichas de seguimento establecidas.

PASO 2: CONTEXTUALIZAR A SITUACIÓN DE DESIGUALDADE SOBRE A QUE QUEREMOS INTERVIR

Neste punto débese resumir toda a información dispoñible sobre a realidade do centro. De forma ordenada, no deseño do documento debe de ir aparecendo:

- **Contexto** no que xorde o proxecto coeducativo. Explicando as características do centro, o perfil xeral do alumnado, os antecedentes da realidade que se quere transformar, etc.

Débese explicar coa maior claridade posible cal é o panorama sobre o que vai incidir o proxecto. Para completar a información, pódense achegar nun anexo documentos complementarios, como fotografías do centro, documentos ou datos gráficos que avalen a situación de desigualdade que se está explicando.

- Principais **problemas** detectados. A descrición e concreción dos problemas resulta positiva para facilitar desde o inicio a comprensión global do proxecto coeducativo. É fundamental que o grupo teña clara a problemática de desigualdade sobre a que vai incidir o proxecto, para iso pódese traballar sobre a árbore de problemas realizada na fase de identificación.

É necesario explicar como se chega a definir o problema xeral sobre o que se vai actuar. Como se explicou na fase de identificación, é normal que aparezan varios problemas sobre os que actuar e que, chegado o momento, se deba definir a alternativa

(análise de alternativas) máis pertinente a partir dos criterios seleccionados polo propio centro. Explicar o porqué desta selección desta alternativa proporcionalle claridade e calidade ao deseño do proxecto.

- Descrición do **colectivo destinatario**. Débese explicar a quen vai dirixido o proxecto, cal será o colectivo destinatario e o porqué da selección. Tamén é de interese describir outros posibles grupos implicados directa ou indirectamente.

Neste momento cómpre achegar toda a información posible en canto ao grupo destinatario, as súas características; por exemplo: cantos nenos e cantas nenas son, que idades teñen, se hai persoas procedentes doutras culturas, etc.

- **Tempos**. Hai que establecer en que momento, ou momentos, se desenvolverá o proxecto e xustificar a selección desas datas.

A **TÉCNICA** de traballo recomendada para estes dous pasos será a de grupo de discusión.

PASO 3. DEFINIR O ESQUEMA DE INTERVENCIÓN

Este paso é clave. O xeito e a claridade coa que se presente o proxecto coeducativo, que foi definido en parte na fase de identificación, permitirá entender mellor o obxectivo que se quere lograr.

Para definir e deseñar a intervención coeducativa, propóñense levar adiante as seguintes tarefas:

1. Describir ou desenvolver os **obxectivos** (partindo da árbore de obxectivos elaborada no paso 3 da fase anterior). Débese explicar cal e o obxectivo que xustifica a necesidade de executar un proxecto coeducativo. É importante neste punto diferenciar claramente:

- Obxectivo a longo prazo, ao que lle chamaremos **obxectivo xeral** (OX), que será a situación desexable desde o punto de vista coeducativo á que queremos chegar e á cal contribuirá o proxecto nun futuro próximo. O obxectivo xeral é o que xustifica, entre outras cousas, a planificación que se traballou no capítulo III.



Exemplo: un OX podería ser “promover a orientación académica libre de estereotipos de xénero”; este OX conseguirase co tempo e executando, con toda seguridade, máis dun proxecto.

- Obxectivo a curto prazo, ao que lle chamaremos **obxectivo específico** (OE) e que será o elemento central arredor do que xira o proxecto. Expressa anticipadamente o que espera conseguir o proxecto a curto prazo.

O obxectivo específico (OE) contribuirá a conseguir o obxectivo xeral (OX) do que acabamos de falar.

Exemplo: un OE, podería ser “mellorar a formación do profesorado do centro para evitar trasladar estereotipos sexistas na orientación académica e profesional do alumnado”.

Cando finaliza o proxecto e se acada o OE, estarase máis cerca de acadar o OX de igualdade definido.

2. Definir **actividades**. As actividades son as accións concretas que se levan a cabo no centro para conseguir certos resultados asociados aos obxectivos establecidos.

Exemplo de actividade 1: organizar unha xornada de traballo co profesorado de 1.º da ESO, cada semestre, para a sensibilización sobre cuestións básicas asociadas á socialización diferencial en función do xénero.

Exemplo de actividade 2: definir e executar un programa de formación continua para o profesorado de 1.º da ESO que o capacite para integrar a perspectiva de xénero na súa práctica docente.

Exemplo de actividade 3: analizar os manuais empregados en 1.º da ESO para detectar o uso de imaxes e contidos sexistas.

3. Para cada actividade ou grupo delas, establecerase o **resultado** que se espera lograr. Estes resultados concretarán os obxectivos e axudarán, nun momento posterior, a avaliar a actuación executada.

Os proxectos adoitan ter máis dun resultado; cada grupo de actividades está vinculado cun resultado, de tal xeito que se se realizan todas

as actividades estase garantindo a consecución dos resultados. Póden-se propoñer tantas actividades como sexa necesario para conseguir cada un dos resultados previstos.

- :: Exemplo de **resultado 1**: o profesorado de 1.º da ESO, ao finalizar o curso escolar, está máis formado para integrar a perspectiva de xénero na práctica docente. Para achegarnos a ese resultado, executamos dúas actividades:

Actividade 1: organizar unha xornada de traballo co profesorado de 1.º da ESO, cada semestre, para a sensibilización sobre cuestións básicas asociadas á socialización diferencial en función do xénero.

Actividade 2: definir e executar un programa de formación continua para o profesorado de 1.º da ESO que o capacite para integrar a perspectiva de xénero na súa práctica docente.

- :: Exemplo de **resultado 2**: revisados os estereotipos sexistas dos manuais de 1.º da ESO. Para achegarnos a ese resultado, executamos unha actividade:

Actividade 3: analizar os manuais empregados en 1.º da ESO para detectar o uso de imaxes e contidos sexistas.

4. Para medir os avances do proxecto estableceranse uns parámetros, ou **indicadores de resultado**, que permitan apreciar en que medida nos achegamos aos resultados esperados. Estes indicadores son definidos polo equipo implicado no proxecto. Para que sexan útiles, deben de poder medirse e verificarse. Os indicadores deben de indicar canto, como, cando, onde e para quen e, sempre que sexa pertinente, deben darnos a información desagregada por sexo para permitir a súa análise desde a perspectiva de xénero.

- :: Exemplo para o resultado 1: o profesorado de 1.º da ESO, ao finalizar o curso escolar, está máis formado para integrar a perspectiva de xénero na práctica docente.

Indicador: evolución (número ou %) de profesorado de 1.º da ESO, desagregado por sexo, que revisa o programa da súa materia no seguinte curso escolar.



Outros exemplos de indicadores son os seguintes:

- Evolución (% ou número) de manuais didácticos que son revisados para descubrir estereotipos sexistas.
- Evolución (% ou número) de pais e nais, desagregado por sexo, que entenden a importancia da coeducación e que participan nas actividades extraescolares organizadas.
- Evolución (% ou número) de profesorado de 1.º da ESO, desagregado por sexo, que participa nos cursos de capacitación.

Polo xeral, tratarase de información estatística especificamente escollida e separada por sexos que permita obter datos sobre a situación. É mellor usar máis dun indicador para acadar unha maior concreción. As medicións dos indicadores poden ser de dous tipos:

- **Cuantitativas** ou medicións numéricas do cambio, que poden expresarse a través de números, porcentaxes, taxas ou ratios.

Exemplo: evolución (número ou %) de nenas que xogan deportes "masculinizados" no patio.

- **Cualitativas** ou medicións subxectivas referidas a procesos ou resultados e que describen a participación, actitudes, percepcións, comportamentos ou outras formas de relación humana.

Exemplo: evolución (%) de pais que participan activamente nas actividades coeducativas programadas.

5. Paralelamente á formulación dos indicadores que permitirán medir o avance cara ao resultado esperado, débense establecer os **documentos ou medios** que se empregarán para recoller a información necesaria. Exemplo:

- :: Resultado 1: o profesorado de 1.º da ESO, ao finalizar o curso escolar, está máis formado para integrar a perspectiva de xénero na práctica docente

Actividade 1: organizar unha xornada de traballo co profesorado de 1.º da ESO, cada semestre, para a sensibilización sobre cuestións básicas asociadas á socialización diferencial en función do xénero.

Indicador: evolución (número ou %) de profesorado de 1.º da ESO, desagregado por sexo, que revisa o programa da súa materia no seguinte curso escolar.

Medios de constatación para o resultado 1:

- Cuestionario sobre nivel de coñecementos sobre coeducación (inicial e final) das persoas asistentes ás xornadas de traballo.
- Fotografías do profesorado asistente ás xornadas.
- Propostas escritas (do profesorado asistente ás xornadas) de mellora coeducativa cara ao seguinte curso académico.

Un exercicio útil, que permite garantir a coherencia da intervención, é resumir todos os elementos do proxecto que acabamos de ver nun esquema. Para esta tarefa, pódese utilizar a seguinte **técnica**.



MATRIZ DE DISEÑO

Este tipo de matriz é un esquema que permite visualizar rapidamente os principais puntos da intervención coeducativa. Na táboa indícanse, a modo de exemplo e sen ánimo de exhaustividade, posibles actividades, indicadores e medios de constatación. Estes aspectos serán recollidos na ficha de deseño 2.1



Matriz de DESEÑO				
Actividades coeducativas	Resultado vinculado	Destinatario (tipo, curso, n.º homes e mulleres)	Indicadores	Medios de constatación
Formación, obradoiros, conferencias			N.º actividades	Informes/actas tickets/facturas
Revisión materiais didácticos ou uso de linguaxe sexista			N.º materiais revisados	Programacións revisadas Unidades confeccionadas
Actividades lúdicas, de animación			N.º participantes	Fotos Enquisas
Campaña sensibilización			Persoas externas ou asociacións implicadas	Fotos/prensa material divulgativo
Revisión documentación e sinalética do centro			N.º materiais Revisados	Informes/actas tickets/facturas copias dos documentos revisados

Existen unha serie de preguntas de comprobación para verificar que a perspectiva de xénero está integrada correctamente na matriz de deseño. Algúns exemplos deste tipo de preguntas son os seguintes:

- Obxectivo xeral: resposta ás necesidades de igualdade do centro?
- Obxectivo específico: determina a quen vai dirixido e quen se beneficia do proxecto coeducativo segundo o sexo?
- Resultados: están especificados por sexo?, son coherentes coas necesidades das persoas ás que se dirixe o proxecto?

PASO 4. ASIGNAR RECURSOS AO PROXECTO DE COEDUCACIÓN (RECURSOS HUMANOS, MATERIAIS/TEMPOS/GASTOS)

O éxito dun proxecto para traballar a igualdade no centro de ensino depende de múltiples factores: de identificar ben o problema, de deseñar un proxecto coherente que resolva coas actividades propostas as desigualdades detectadas, etc. Neste sentido, tamén é necesario ter en conta os recursos dos que se dispón para levalo adiante.

1. ASIGNACIÓN DE RECURSOS HUMANOS

Cada actividade debe contar cun **equipo suficiente** para levala a cabo. Un dos problemas máis frecuentes é que as persoas máis implicadas asumen o groso das actividades e acaban por desgastarse e perder a motivación. Coa asignación do persoal necesario para executar cada actividade garántese a súa calidade e o éxito.

Nesta liña, é importante **definir responsabilidades** entre as persoas implicadas, de xeito que exista un equilibrio entre a dispoñibilidade de tempo de cada un/unha e a experiencia de traballo en proxectos no centro.

2. ASIGNACIÓN DE TEMPOS

A asignación dos tempos debe ser realista. En moitas ocasións, prescín-dese dunha boa planificación temporal e esta é unha das principais de non consecución dos resultados esperados. A falta dun cálculo real dos ritmos do curso lectivo, da dispoñibilidade de tempo do profesorado, etc. son factores de risco para o éxito dos proxectos de coeducación. Por iso recoméndase, no deseño das actividades do proxecto:

- Ter en conta os períodos de vacacións e días festivos do calendario escolar.
- Evitar períodos de alta carga lectiva ou de avaliación.
- Reservar períodos de tempo:
 - ∴ Ao inicio do proxecto, para planificar o traballo.



- :: Na metade da execución do proxecto, para facer un seguimento e eventuais correccións na planificación de actividades.
- :: Ao final do proxecto, para avaliar os resultados a partir do inicialmente previsto.

Ferramenta recomendada para realizar esta tarefas:

CRONOGRAMA

Esta ferramenta permitirá facer un resumo esquemático, no que asignar e controlar os tempos e os avances do proxecto coeducativo.

Co cronograma de actividades preténdese, ademais de especificar os prazos de execución para cada actividade, establecer a secuencia temporal segundo a cal unhas actividades deben preceder a outras.

*Ver ficha 2. DESEÑO.

3. ASIGNACIÓN DE GASTOS

Para maior control e eficacia do proxecto, é necesario establecer un orzamento que precise cales son os recursos necesarios para a execución de cada unha das actividades programadas.

É indispensable facer un cálculo real dos gastos nos que incurrirá o proxecto en función da realidade do contexto –rural ou urbano, por exemplo– do centro de ensino, do prezo de cada unha das actividades deseñadas, etc.

Para isto, **recoméndase**:

- Orzamentar cada actividade por separado.
- Simplificar, concretar e numerar o material necesario para executar cada actividade.
- Definir os prezos a partir dunha busca exhaustiva, solicitando facturas pro-forma cando sexa necesario ou documentándose nas webs específicas existentes usando as novas tecnoloxías.

Xa rematou a fase de deseño:

Resumiuse a información recollida na fase de identificación, ordenouse o contexto e explicáronse os aspectos clave do proxecto: obxectivos, resultados esperados, actividades etc., asignando responsabilidades, tempos, recursos económicos e materiais a cada unha das actividades deseñadas.

Neste momento, xa se pode trasladar a información resultante á **FICHA 2. DESEÑO**: deseño inicial, asignación de recursos e cronograma.

FICHA 2.1 - DESEÑO

TÍTULO PROXECTO				DATA INICIO prevista: ... / ... / ...
CENTRO ESCOLAR				DATA FINALIZACIÓN prevista: ... / ... / ...
RESP. PROXECTO (cargo)				
endereço/contacto		TELÉFONO/ CORREO-E		
Grupo de traballo do proxecto coeducativo	Nome (engadir tantas liñas como sexan necesarias).	Cargo ou actividade habitual que desempeña.	Función en relación co proxecto.	Experiencia en coeducación: SI /NON, cal?
Breve resumo do CONTEXTO de intervención. Indiquen o problema xeral e específico sobre o que actuará o proxecto coeducativo.			ÁMBITO INTERVENCIÓN COEDUCATIVA	
Obxectivo xeral (longo prazo) , máximo 2 liñas:				
Obxectivo específico (curto prazo) , máximo 2 liñas:				
Descrición xeral do proxecto				

FICHA 2.1 - DISEÑO

MATRIZ DE DISEÑO (engadir tantas filas como sexan necesarias)

ACTIVIDADES		RESULTADOS VINCULADOS	COLECTIVO DESTINATARIO					INDICADORES	MEDIOS DE VERIFICACIÓN
NOME	TIPO		COLECTIVO	CURSO	AULA	Nº HOMES	Nº MULLES		
A.1.	A.1.1								
	A.1.2								
	A.1.3								
A.2.	A.2.1								
	A.2.2								
A.3.	A.3.1								
	A.3.2								

* dispoñible en <http://www.igualdadegalicia.org>

FICHA 2.2- ASIGNACIÓN DE RECURSOS: orzamento, persoal, tempo

TÍTULO PROXECTO			
CENTRO ESCOLAR		RESP. PROXECTO (cargo)	
ENDEREZO/ CONTACTO		TELÉFONO/CORREO-E	
ACTIVIDADES	RECURSOS		
	ORZAMENTO	PERSOAL IMPLICADO	
A.1.1			
A.1.2			
A.1.3			
A.2.1			
A.2.2			
A.3.1			
A.3.2			

DATA INICIO ACTIVIDADES: ... / ... / ...

DATA FINALIZACIÓN ACTIVIDADES: ... / ... / ...

CRONOGRAMA

1º ano

2º ano

MESES (polo xeral, entre xullo e setembro e en decembro non se executan actividades)

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12

* dispoñible en <http://www.igualdadegalicia.org>

3.2.3. EXECUCIÓN E SEGUIMIENTO. COMO REALIZAR E ACOMPAÑAR AS ACCIÓNS COEDUCATIVAS?

Na fase de execución poñeranse en práctica as actividades deseñadas no proxecto. Unha das cuestións claves para a boa marcha dos proxectos é conseguir que a realidade non modifique substancialmente os obxectivos e actividades marcadas nas fases anteriores (identificación e deseño). Débese garantir que as actividades programadas se desenvolven facendo bo uso dos recursos asignados e da planificación temporal establecida, de xeito que se logren efectivamente os resultados para os que foi pensado inicialmente o proxecto.

A planificación previa feita na fase de DESEÑO é indispensable para o bo desenvolvemento e translación á realidade das tarefas do proxecto e para o logro dos resultados agardados.

Non se pode esquecer que as actividades do proxecto se desenvolverán nun contexto vivo no que poden xurdir toda unha serie de condicionantes novos, problemas e variacións que eran difíciles de prever no inicio; por iso, a execución debe ser flexible e adaptarse ás circunstancias gardando fidelidade ás liñas mestras do plan de acción previamente deseñado.

Para esta tarefa resulta imprescindible establecer, co maior consenso posible, como se desenvolverán os seguintes labores:

- Coordinación, xestión do día a día do proxecto, organización das distintas tarefas e tempos de execución baixo a orientación da(s) persoa(s) responsable(s).
- Seguimento, tarefas de supervisión paralelas á execución para coxirixir aquelas variacións non previstas no deseño inicial.

PASOS

- 1.º Coordinar o proxecto de coeducación
- 2.º Controlar e supervisar a súa execución

PASO 1. COORDINAR O PROXECTO DE COEDUCACIÓN

- Asignación ou revisión responsabilidades.

Para un bo desenvolvemento do proxecto, é preciso establecer un sistema de organización do grupo de traballo xa establecido nas fases



anteriores, definir responsabilidades e revisar funcións. Para iso, resulta de utilidade:

- :: Designar unha persoa ou persoas que se encargarán de orientar e dirixir o bo ritmo do proxecto e de facer o seu seguimento. A persoa coordinadora deberá levar o control de gastos e manter un plan de comunicación, tamén se encargará de impulsalo e motivar as persoas implicadas para asegurar o seu éxito.
- :: Constituír equipos temáticos, en función das persoas implicadas e das temáticas ou tarefas das que se compón a programación de actividades. Para isto resulta moi útil revisar a matriz de deseño e detectar aquelas tarefas que se desenvolven con certa autonomía con respecto ao resto, pola súa natureza temática ou polos seus tempos de realización.

Dependendo do grao de complexidade da súa execución, cada tarefa poderá dotarse do seu propio plan de traballo. Tamén convén realizar unha correcta asignación de recursos e previsión de cambios por cada plan de traballo, de xeito que a coordinación do proxecto poida garantir a boa dirección da totalidade do proxecto coeducativo.

Respecto do **plan de comunicación** anteriormente citado, a comunicación dos proxectos de igualdade resulta vital, xa que no fondo o obxectivo último de todos eles é o de cambiar actitudes, opinións e comportamentos e, neste sentido, é evidente que canto máis se amplíe o ámbito de proxección dos seus contidos, maior alcance e impacto terán estes nos seus resultados. O plan de comunicación debe ter en conta unha dobre dimensión.

- :: Comunicación interna: débese garantir a boa comunicación e o fluxo de información entre as persoas implicadas na execución do proxecto.
- :: Comunicación externa, para proxectar publicamente as realizacións e logros do proxecto coeducativo. Os grupos destinatarios deste tipo de comunicación serán outros centros educativos e persoas e entidades presentes na contorna inmediata dos centros: asociacións veciñais, de mulleres, culturais, nais e pais, concello, etc.

PASO 2. CONTROLAR E SUPERVISAR A SÚA EXECUCIÓN

O control sistemático e continuo da execución do proxecto permite coñecer en que medida as actividades realizadas están debidamente orientadas para garantir os resultados esperados.

En moitos casos, prodúcese desviacións ou deficiencias no desenvolvemento do proxecto, servindo o seguimento para identificalas e propoñer medidas alternativas que reconduzan a súa execución. O seguimento é unha actividade simultánea á execución do proxecto que debe realizarse continua e sistematicamente e que permite valorar en que medida se está no camiño de conseguir os resultados previstos inicialmente.

Para facilitar o seguimento, recoméndase:

REALIZAR REUNIÓN.S.

No cronograma de execución do proxecto deberá recollese a realización de reunións de seguimento ou momentos de control do seu ritmo e características de execución. Estas reunións serán organizadas pola persoa ou persoas coordinadoras do proxecto e polas responsables de equipos temáticos.

En caso de que sexa preciso, tomaranse medidas correctoras sobre as distintas tarefas. É importante que se impliquen as persoas participantes na execución do proxecto para conseguir mellores perspectivas de solución dos problemas que se poidan presentar.

En todas as reunións de seguimento, ademais dos documentos establecidos para facilitar o traballo débese revisar constantemente:

- :: a matriz de deseño do proxecto;
- :: o cronograma ou a planificación temporal;
- :: o mapa ou programa de recursos.

ELABORAR INFORMES.

Segundo as necesidades e as características do proxecto, os informes terán que incluír información sobre cada un dos elemen-



tos da súa execución. Se é posible, deberíase determinar unha metodoloxía de seguimento con procedementos uniformes para o traballo de todo o profesorado. Desta forma, nas reunións periódicas (semanais, mensuais...) que se establezan para comentar os avances, cada persoa pode ter información de todo o grupo de traballo.

Débase, ademais, atender con coidado todo o relativo aos aspectos de análise desde a perspectiva de xénero (cap. II). A persoa coordinadora procurará garantir, como mínimo, as seguintes actuacións:

- :: Control, supervisión e asesoramento continuo para o cumprimento dos criterios de xénero. Garantía da recollida de datos desagregados por sexo sobre o desenvolvemento e impacto das accións.
- :: Cobertura das fichas de seguimento e recompilación de material visual e documentos que constaten e avalen as actividades realizadas.

Se todo vai ben e o proxecto/programa se desenvolve sen problemas, segundo a identificación e planificación inicial, acadaranse os resultados esperados.

Unha vez finalizadas as actividades, deberase realizar un documento resumo ou **informe final de proxecto**, no que se recollerán de forma clara e sistemática os seguintes puntos:

- a consecución dos obxectivos de igualdade do proxecto;
- as actividades desenvolvidas ata a data e o grao de execución do proxecto respecto do deseño inicial;
- o orzamento inicial do proxecto, as eventuais axudas recibidas e os gastos que se executaron.

Xa rematou a fase de EXECUCIÓN:

Levouse adiante o proxecto coeducativo deseñado, as persoas participantes coordináronse e constituíron equipos temáticos operativos por tarefas do proxecto. Aplicouse un plan de comunicación para garantir que a información traspasase as barreiras do propio proxecto e fixéronse tarefas de seguimento coas que se conseguiu acadar os resultados de igualdade que se agardaban.

Ferramenta de traballo empregada: **FICHA 3. SEGUIMENTO.**

FICHA 3- SEGUIMENTO		
TÍTULO PROXECTO		
CENTRO ESCOLAR		
ENDEREZO/CONTACTO		
RESUMO DO PROXECTO		
SITUACIÓN ACTUAL DO PROXECTO: HOUBO VARIACIÓNS?		
RESULTADO VINCULADO A CADA ACTIVIDADE	ACTIVIDADES	EXECUCIÓN
R.1	A.1.1	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	A.1.2	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	A.1.3	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
R.2	A.2.1	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	A.2.2	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
R.3	A.3.1	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
	A.3.2	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON



RESP. PROXECTO (cargo)		DURACIÓN (meses)	
TELÉFONO/CORREO-E		DATA	... / ... / ...

LOGRO DE RESULTADOS (%)	INDICADORES		MEDIOS DE VERIFICACIÓN	MODIFICACIÓN E OBSERVACIONES
	N.º	TIPO		

* disponible en <http://www.igualdadegalicia.org>

3.2.4. AVALIACIÓN DE RESULTADOS. COMO MEDIR O ÉXITO DA INTERVENCIÓN?

A avaliación dun proxecto coeducativo consiste na comparación entre a situación final que se acadou respecto da promoción da igualdade no centro e a situación inicial que deu orixe ao proxecto. Non é posible afirmar que un proxecto ten éxito se non está contribuíndo a corrixir as desigualdades de xénero que se producen na escola.



É necesario utilizar a información e os indicadores da fase de identificación e deseño. A avaliación do proxecto deberá medir o grao de consecución dos obxectivos de igualdade en relación cos medios –humanos e técnicos– e recursos utilizados nel e verificar se houbo que reaxustar a planificación recollida no seu deseño inicial.

A avaliación permitiranos:

- Medir se se lograron os obxectivos de igualdade que xustificaron a necesidade de levar a cabo o proxecto.
- Analizar por que e como as actividades do proxecto contribuíron (ou non) ao logro dos obxectivos.
- Planificar futuras accións a partir do aprendido, de xeito que o próximo proxecto teña maior impacto.

A avaliación dun proxecto coeducativo ten que contar con criterios e datos obxectivos que permitan sacar conclusións reais e deberá facer unha análise do impacto desde a perspectiva de xénero (análise das relacións de xénero, contexto, experiencia de traballo en igualdade no centro). A través desta análise poderanse valorar os cambios acontecidos durante o proxecto en función do ámbito de intervención se-



leccionado -Modelo de centro, Uso da linguaxe, Docencia e materiais didácticos e Desenvolvemento persoal do alumnado.

Para avaliar o proxecto, **recoméndase** seguir os seguintes **PASOS**:

- 1.º Recoller toda a información dispoñible que resulta do propio desenvolvemento do proxecto coeducativo

- 2.º Procurar outras fontes de información sobre os resultados

- 3.º Comparar/avaliar a proposta inicial cos resultados finais

PASO 1: RECOLLER TODA A INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

Desde a fase de identificación do proxecto, débese de conservar e recompilar toda a información que se xere, xa que no momento da avaliación será necesario volver revisala.

Seguramente haberá moitísima información e cómpre recuperala toda:

- Datos clave e documentos da fase de identificación sobre a problemática no centro.
- Documento e fichas de deseño do proxecto.
- Matriz do deseño do proxecto.
- Cronograma.
- Táboa de recursos.
- Informes e fichas de seguimento.
- Resultados de execución das actividades coeducativas, a través de diversos medios de constatación: actas, informes, programación, fotos, recortes de prensa, etc.
- Outros.

PASO 2: PROCURAR OUTRAS FONTES DE INFORMACIÓN

Ademais da documentación escrita ocasionada pola xestión do proxecto, nun proceso avaliador tamén é moi importante recoller as opinións e impresións de informantes clave, que proporcionarán información de interese para a súa avaliación. Estes informantes poden ser de dous tipos:

- Vinculados ao proxecto, como poden ser membros do grupo de traballo ou alumnado destinatario de actividades.
- Non vinculados directamente ao proxecto, persoas que poidan achegar a súa valoración crítica aos resultados do proxecto (algúns pais e nais, persoas doutros colectivos profesionais, etc.). Convén que as persoas alleas ao proxecto teñan certo criterio co-educativo.

A opinión dos/as informantes clave achega moita información á avaliación. Para recoller esta información, en función do tempo do que se dispoña, recoméndase apoiarse en técnicas xa explicadas na fase de identificación.

- Técnica do **GRUPO DE DISCUSIÓN** que axuda a ordenar a información que manexa un grupo. Trátase de poñer en común as opinións que se obtiveron da xestión do proxecto.
- **ENTREVISTAS**. Trátase de escoller unha serie de temas sobre o proxecto e elaborar unha entrevista. Esta pode ter carácter de enquisa para coñecer a percepción dun determinado aspecto en concreto (con opcións pechadas ou abertas) e as valoracións das persoas entrevistadas.
- **OBSERVACIÓN PARTICIPANTE**. Esta técnica pode ser moi útil para a avaliación en coeducación, xa que moitos dos ámbitos de intervención se refiren a cuestións subxectivas: actitudes, desempeño de roles, diferenciación sexual nas actividades da escola, etc.

Durante todo o proceso avaliador, débese ter unha visión global clara do que foi o proxecto en cada unha das súas fases e contrastar a información antes de decidir se tomala en conta ou non.



PASO 3: COMPARAR/AVALIAR A PROPOSTA INICIAL COS RESULTADOS FINAIS

Unha vez recuperada toda a información do proxecto e contrastadas outras fontes de información, xa se dispón de datos suficientes para valorar o seu grao de éxito.

En termos xerais, establécense cinco criterios básicos de avaliación: **Pertinencia, Eficacia, Eficiencia, Impacto e Sustentabilidade** do proxecto. Achégase un cadro resumo que pode axudar a executar esta fase e facilítanse preguntas orientativas, segundo cada criterio, que poden axudar a entender, adaptándoas a cada proxecto, en que aspectos se debe centrar a análise:

CRITERIO	EXEMPLOS PREGUNTA CLAVE
<p>PERTINENCIA Valora a utilidade do proxecto</p>	<p>:: O proxecto é coherente co contexto e coa problemática de desigualdade descrita no centro de ensino? <input type="radio"/> Si — Non. Por que?</p> <p>:: Adaptáronse as actividades do proxecto á situación de desigualdade e ás especificidades do centro? Valore do 1 ao 5 e comente: <input type="radio"/> Adaptación á idade <input type="radio"/> Adaptación á interculturalidade do centro <input type="radio"/> Adaptación á diversidade relixiosa <input type="radio"/> Adaptación á diversidade sexual</p>
<p>EFICACIA Vai medir o grao de consecución do obxectivo do proxecto, en función das actividades realizadas e dos resultados esperados</p>	<p>:: Acadou o proxecto os obxectivos de igualdade que se propuña? En que medida o proxecto concluíu o programa de actividades (valore noutro apartado o % de execución e resultados actividade por actividade): <input type="radio"/> Ao 30% <input type="radio"/> Ao 50% <input type="radio"/> Ao 80% <input type="radio"/> Ao 100%</p> <p>:: Poderían lograrse os mesmos resultados de igualdade realizando outras ou menos actividades? <input type="radio"/> Si — Non. Por que?</p>

<p>EFICIENCIA Vai medir o uso dos medios e recursos dispoñibles ao longo do proxecto</p>	<p>:: Foron adecuados os medios (humanos –n.º de persoas, perfil profesional– económicos e o tempo) delimitados para conseguir os resultados propostos? Valora do 1 ao 5 e comente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> RRHH <input type="radio"/> Diñeiro <input type="radio"/> Tempo <p>:: Poderían lograrse os mesmos resultados con custos menores, utilizando métodos alternativos?</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> Si — Non. Por que? Valore resultado por resultado.
<p>IMPACTO Vai medir os efectos, positivos ou negativos, que ten o proxecto sobre as relacións de xénero máis alá do logro do seu obxectivo</p>	<p>:: As accións formuladas e os resultados alcanzados contribúen a reducir as desigualdades entre mulleres e homes, nenas e nenos no centro?</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> Si — Non. <p>:: Argumente a súa resposta, sinalando impactos positivos e destacando, se xurdisen, impactos negativos. Que consecuencias tivo o proxecto nos seguintes grupos? Valore do 1 ao 5 e explique:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> Consecuencias entre o persoal docente <input type="radio"/> Consecuencias na ANPA ou na contorna sociocomunitaria <input type="radio"/> No alumnado <input type="radio"/> Outros impactos
<p>SUSTENTABILIDADE Vai medir a capacidade de permanencia no tempo dos efectos positivos do proxecto coeducativo</p>	<p>:: En que medida as actuacións e contidos coeducativos do proxecto van ter continuidade no tempo? Explique en función dos ámbitos de intervención (Modelo de centro, Uso da linguaxe, Docencia e materiais didácticos e Desenvolvemento persoal do alumnado):</p> <p>:: Previuse a implicación da contorna educativa e do alumnado na vida diaria do centro unha vez terminada a influencia do proxecto?</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="radio"/> Si — Non. <p>:: Explique como e en que grao se implicou cada un dos grupos.</p>



Xa rematou a fase de AVALIACIÓN:

Comparouse a proposta inicial cos resultados finais do proxecto coeducativo, a partir dos cinco criterios básicos de avaliación, introducindo na análise a perspectiva de xénero en relación co ámbito de intervención elixido e indentificáronse as boas prácticas extrapolables a outros centros de ensino.

Neste momento, xa se pode trasladar a información resultante á **FICHA 4. AVALIACIÓN.**



TÍTULO PROXECTO		
CENTRO ESCOLAR		RESP. PROXECTO (cargo)
ENDEREZO/CONTACTO		TELÉFONO/CORREO-E
RESUMO FINAL: GRAO DE FINALIZACIÓN E ÉXITO DO PROXECTO COEDUCATIVO		
VARIACIÓNS SALIENTABLES SOBRE A PROPOSTA INICIAL E MOTIVO DELAS		
RESULTADO ESPERADO	ACTIVIDADES VINCULADAS A CADA RESULTADO	GRAO DE FINALIZACIÓN (SI/NON. Valore do 1 ao 5 o grao de execución da actividade)
R.1	A.1.1	
R.1	A.1.2	
R.1	A.1.3	
R.2	A.2.1	
R.2	A.2.2	
CRITERIOS DA AVALIACIÓN		Si/Non
PERTINENCIA O proxecto foi útil e pertinente?		
EFICACIA Acadou o proxecto os obxectivos de igualdade que se propuña co programa de actividades proposto?		
EFICIENCIA Foron adecuados os medios, económicos e humanos, para conseguir os resultados propostos?		
IMPACTO As accións realizadas e os resultados alcanzados contribuíron a reducir as desigualdades no centro de ensino?		
SUSTENTABILIDADE As actuacións e contidos coeducativos do proxecto van ter continuidade no tempo?		
SINALE 2 BOAS PRÁCTICAS COEDUCATIVAS EXPORTABLES PARA OUTROS CENTROS DE ENSINO		
1.		
2.		

PASO 4: EXPLICAR NUN DOCUMENTO AS CONCLUSIÓNS DO PROCESO AVALIADOR

Este paso consiste en resumir, de xeito ordenado, os tres pasos anteriores de forma que quede constancia do proceso avaliador e do grao e finalización e éxito do proxecto coeducativo.

As conclusións da avaliación serán moi útiles para mellorar nos seguintes proxectos de igualdade e para aprender dos erros. Por isto, é necesario deixar constancia do proceso avaliador e facer unha recompilación das boas prácticas extraídas de toda a xestión do proxecto, co fin de que poidan axudar a outros centros de ensino, ou a outros equipos docentes, a levar a cabo proxectos coeducativos exitosos.

Para elaborar o informe de avaliación (do que a ficha é o resumo) recoméndase:

- Explicar en primeiro lugar cal era o punto de partida: un resumo das claves do proxecto.
- Vincular, relacionar e comparar as tres fases anteriores á avaliación como un proceso continuado; non se debe avaliar por partes (identificación por unha banda, deseño por outra, etc.), senón como un mesmo proceso: o proxecto coeducativo.
- Valorar por separado as actividades, os resultados e, polo tanto, o alcance dos obxectivos propostos [o grao de consecución do obxectivo específico (OE) e o acercamento ao obxectivo xeral (OX)], apoiándose nos indicadores de xénero da intervención e nos cinco criterios da avaliación. A información debe ser trasladada sinteticamente actividade por actividade e resultado por resultado para non crear confusións. Por exemplo:



ACTIVIDADE		RESULTADO
RESUMO DA ACTIVIDADE		RESUMO
GRAO DE EXECUCIÓN		GRAO DE ALCANCE
CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS (se houbo)		CAUSAS DAS MODIFICACIÓNS (se houbo)
BOAS PRÁCTICAS EXTRAÍDAS		

- Recoller nas conclusións en que medida as necesidades e intereses dos nenos e das nenas foron atendidos polo proxecto, como se valoraron as contribucións dunhas e outros ao éxito da intervención, como se mantivo a implicación do grupo de traballo, como rapazas e rapaces se beneficiaron do éxito e dos resultados acadados, en función do ámbito de intervención seleccionado. En definitiva, valorar o grao de coeducación ao que se chegou tras o proxecto.
- Recoller os datos desagregados por sexo.
- Enumerar e explicar as boas prácticas exportables a outros centros de ensino.

4. ANEXOS

4.1. RECURSOS PARA A COEDUCACIÓN

Ofrécese, a continuación, unha breve mostra de páxinas de internet onde se pode atopar bibliografía, unidades didácticas e recursos informativos e de apoio e de utilidade para introducir a perspectiva de xénero na escola:

Directorio europeo de recursos para a igualdade e a prevención da violencia de xénero

<http://www.educarenigualdad.org/default.aspx>

Averroes. Red telemática educativa de Andalucía

<http://juntadeandalucia.es/averroes/>

Portal Coeducación-Asturias

<http://web.educastur.princast.es/proyectos/coeduca/>

Programas de innovación educativa. Coeducación. Generalitat de

Cataluña www.xtec.cat/innovacio/coeducacio/

Portal do Instituto Vasco de la Mujer EMAKUNDE www.emakunde.org

FETE-UGT. Educación en valores

<http://www.educacionenvalores.org/spip.php?rubrique133>

Portal Intercambia <http://www.educacion.es/intercambia/>

Portal do PLAN VALORA www.edu.xunta.es/valora

Seminario Permanente de Educación para a Igualdade

<http://www3.xunta.es:8080/auto/sji/>

Enlazadas. Directorio web. Coeducación

<http://www.ciudaddemujeres.com/Enlazadas/index.php?c=55>

Feminario de Alicante: Guía didáctica de la coeducación

[http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/](http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/12693849009020518085624/)

[12693849009020518085624/](http://www.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/12693849009020518085624/)

Materiais para a observación e a análise do sexismo no ámbito escolar

<http://web.educastur.princast.es/cpr/gjjon/recursos/coeducacion/matsex/publicacion.pdf>

Guía de coeducació per als centres educatius: pautes de reflexió i recursos per a l'elaboració dun projecte de centre, Institut Català de les dones, Generalitat de Catalunya, 2008

<http://www20.gencat.cat/docs/icdones/Serveis/Documents/Arxius/PDF%20GUIA%20COEDUCACIO.pdf>



4.2. A IGUALDADE NO ENSINO. MARCO LEXISTATIVO

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo. Integran este corpus lexislativo, polo que á nosa comunidade autónoma se refire, as seguintes leis:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (BOE n.º 106 do 4 de maio).
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE n.º 71 do 23 de marzo).
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (BOE n.º 313 do 29 de decembro).
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG n.º 149 do 3 de agosto).
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero (DOG n.º 152 do 7 de agosto).

A continuación, sinálanse os artigos destas leis que recollen expresamente previsións relativas á promoción da igualdade e á prevención da violencia de xénero no ensino non universitario.

Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

Artigo 1. Principios

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

k) A educación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica deles, así como a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Artigo 2. Fins

1. O sistema educativo español orientarase á consecución dos seguintes fins:

- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade.
- c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica deles.

Artigo 13. Obxectivos da educación infantil

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- c) Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.

Artigo 17. Obxectivos da educación primaria

- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.



Artigo 23. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

Artigo 33. Obxectivos do bacharelato

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.

Artigo 40. Obxectivos da formación profesional

a) Aprender por si mesmos e traballar en equipo, así como formarse na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Fomentar a igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres para acceder a unha formación que permita todo tipo de opcións profesionais e o exercicio delas.

Artigo 66. Obxectivos da formación de persoas adultas

g) Previr e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles.

Artigo 102. Formación permanente

1. A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros.

2. Os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, atención educativa á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros. Así mesmo, deberán incluír formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo sete da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 126. Composición do Consello Escolar

2. Unha vez constituído o Consello Escolar do centro, este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Artigo 127. Competencias do Consello Escolar

g) Proponer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

Disposición adicional vixésimo quinta. Fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Co fin de favorecer a igualdade de dereitos e oportunidades e fomentar a igualdade efectiva entre homes e mulleres, os centros que desenvolvan o principio de coeducación en todas as etapas educativas serán obxecto de atención preferente e prioritaria na aplicación das previsións recollidas na presente lei, sen prexuízo do disposto nos convenios internacionais subscritos por España.



Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes

Artigo 14. Criterios xerais de actuación dos poderes públicos

Para os fins desta lei, serán criterios xerais de actuación dos poderes públicos:

11. A implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas.

Artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes

O sistema educativo incluírá entre os seus fins a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e na igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Así mesmo, o sistema educativo incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a igualdade efectiva entre mulleres e homes e o fomento da igualdade plena entre unhas e outros.

Artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación

1. As Administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas o polos estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre mulleres e homes.

2. As administracións educativas, no ámbito das súas respectivas competencias, desenvolverán, con tal finalidade, as seguintes actuacións:

a) A atención especial nos currículos e en todas as etapas educativas ao principio de igualdade entre mulleres e homes.

b) A eliminación e o rexeitamento dos comportamentos e contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial consideración a iso nos libros de texto e materiais educativos.

- c) A integración do estudo e a aplicación do principio de igualdade nos cursos e programas para a formación inicial e permanente do profesorado.
- d) A promoción da presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de control e de goberno dos centros docentes.
- e) A cooperación co resto das administracións educativas para o desenvolvemento de proxectos e programas dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión, entre as persoas da comunidade educativa, dos principios de coeducación e de igualdade efectiva entre mulleres e homes.
- f) O establecemento de medidas educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na historia.

Lei orgánica 1/2004, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Artigo 4. Principios e valores do sistema educativo

1. O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica destes.

2. A educación infantil contribuirá a desenvolver na infancia a aprendizaxe na resolución pacífica de conflitos.

3. A educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado a súa capacidade para adquirir habilidades na resolución pacífica de conflitos e para comprender e respectar a igualdade entre sexos.

4. A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado a capacidade para relacionarse cos demais de forma pacífica e para coñecer, valorar e respectar a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.



5. O bacharelato e a formación profesional contribuirán a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar a súa madurez persoal, social e moral, que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e para analizar e valorar criticamente as desigualdades de sexo e fomentar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

6. A ensinanza para as persoas adultas incluírá entre os seus obxectivos desenvolver actividades na resolución pacífica de conflitos e fomentar o respecto á dignidade das persoas e á igualdade entre homes e mulleres.

7. As universidades incluírán e fomentarán en todos os ámbitos académicos a formación, docencia e investigación en igualdade de xénero e non discriminación de forma transversal.

Artigo 6. Fomento da igualdade

Coa finalidade de garantir a efectiva igualdade entre homes e mulleres, as administracións educativas velarán para que en todos os materiais educativos se eliminen os estereotipos sexistas ou discriminatorios e para que fomenten o igual valor de homes e mulleres.

Artigo 7. Formación inicial e permanente do profesorado

As administracións educativas adoptarán as medidas necesarias para que nos plans de formación inicial e permanente do profesorado se inclúa unha formación específica en materia de igualdade, co fin de asegurar que adquiren os coñecementos e as técnicas necesarias que as habiliten para:

a) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia.

b) A educación na prevención de conflitos e na resolución pacífica deles, en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

c) A detección precoz da violencia no ámbito familiar, especialmente sobre a muller e os fillos e fillas.

d) O fomento de actitudes encamiñadas ao exercicio de iguais dereitos e obrigas por parte de mulleres e homes, tanto no ámbito público coma privado, e a corresponsabilidade entre ambos no ámbito doméstico.

Artigo 8. Participación nos consellos escolares

Adoptaranse as medidas precisas para asegurar que os consellos escolares impulsen a adopción de medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Co mesmo fin, no Consello Escolar do Estado asegurárase a representación do Instituto da Muller e das organizacións que defendan os intereses das mulleres con implantación en todo o territorio nacional.

Artigo 9. Actuación da Inspección Educativa

Os servizos de Inspección Educativa velarán polo cumprimento e aplicación dos principios e valores recollidos neste capítulo no sistema educativo destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.

Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes

Artigo 9. O currículo regulador do sistema educativo

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionarles tanto ás mulleres como aos homes unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención sen que en ningún caso se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.



b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente e co adecuado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.

c) A adquisición en alumnos e alumnas dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan, cando alcancen a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais de atención de familiares que por dependencia necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.

d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas en que se encontrén infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas en que se encontrén infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuizos.

e) A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

Artigo 10. Erradicación de prexuizos nos centros docentes

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuizos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, sobre todo entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

Artigo 16. Actitudes

A Administración educativa galega, en colaboración co departamento competente en materia de Igualdade, impulsará a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de comportamentos e actitudes sexistas e da violencia de xénero, destinadas a afondar nas estratexias para a análise e resolución dos conflitos, así como na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.

Artigo 17. Escolarización inmediata en caso de violencia de xénero

A Xunta de Galicia asegurará a escolarización inmediata das nenas e dos nenos que se vexan afectados por cambios de centro derivados de situacións de violencia de xénero. Así mesmo, facilitará que os centros educativos lle presten unha atención especial ao devandito alumnado.

Artigo 18. Edición e adaptación de materiais

1. O departamento competente en materia de Igualdade e o departamento competente en materia de Educación velarán para que, no ámbito das súas competencias, non se utilicen materiais educativos e libros de texto que inclúan contidos que vulneren o principio de igualdade. Co mesmo fin, revisaranse e adaptaranse as materias do ámbito educativo non regulado.

2. O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Igualdade e o departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación desenvolverán e difundirán proxectos e materiais didácticos actualizados, dirixidos a todos os niveis educativos, que conteñan pautas de conduta que transmitan valores de respecto e igualdade, de xeito que se favoreza a prevención de actitudes e situacións violentas.

Artigo 19. Revisión e adaptación do currículo educativo

O departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación, co obxecto de garantir a igualdade real entre mulleres e ho-



mes, velará para que se garanta a perspectiva de xénero nos contidos, procedementos, actitudes e valores que conforman o currículo en todos os niveis educativos.

En todo caso, os currículos dos distintos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptaranse ao disposto no artigo 9 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

Promoverase a inclusión de contidos relacionados coa educación para a paz e a non violencia e o fomento do principio de igualdade nos programas de educación para persoas adultas.

Artigo 20. Plans de acción tutorial

Os plans de acción tutorial de todos os niveis educativos incluírán epígrafes específicas destinadas a potenciar modificacións nos modelos masculino e feminino, así como unha orientación de estudos e profesións baseada nas aptitudes e capacidades das persoas e non en estereotipos sexistas.

Artigo 21. Proxectos educativos e curriculares de centro

Os proxectos educativos de centro incorporarán a perspectiva de xénero na súa elaboración e no seu desenvolvemento. Os proxectos curriculares propiciarán medidas de coeducación nos contidos, nas actitudes e nos procedementos.

Artigo 22. Consellos escolares e Consello Escolar de Galicia

1. A Administración educativa galega, no ámbito das súas competencias, adoptará as medidas necesarias para garantir que os consellos escolares dos centros impulsen medidas educativas que promovan a igualdade real entre mulleres e homes, a coeducación e a prevención da violencia de xénero no centro educativo.
2. Garantírase a representación e participación no Consello Escolar de Galicia do órgano da Administración autonómica que exerza a competencia en materia de Igualdade.
3. O Consello Escolar de Galicia, en colaboración co departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Igualdade, elaborará

un informe anual sobre a situación da coeducación e prevención da violencia de xénero nos centros educativos de Galicia.

Artigo 23. Inspección Educativa

Os servizos de Inspección Educativa do departamento da Xunta de Galicia competente en materia de Educación velarán polo cumprimento e pola aplicación de todos os principios recollidos neste capítulo no sistema educativo, destinados a fomentar a igualdade real entre mulleres e homes.





FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



XACOBEO 2010
Galicia